220200030708	22020012696	9,95	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030709	22020012697	69,80	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030710	22020012698	18,28	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030711	22020012699	25,71	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030712	22020012700	32,34	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030713	22020012701	25,93	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030714	22020012702	74,50	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030715	22020012703	24,24	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030716	22020012704	14,71	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030717	22020012705	24,95	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030718	22020012706	284,02	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030719	22020012707	8,39	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030720	22020012708	15,55	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030721	22020012709	25,62	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030722	22020012710	52,93	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030723	22020012711	54,50	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030724	22020012712	7,74	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030725	22020012713	43,57	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030726	22020012714	86,41	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030727	22020012715	40,85	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030734	22020012722	44,92	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030737	22020012725	76,10	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.
220200030422	22020012410	1.837,26	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030428	22020012416	3.019,87	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030451	22020012439	807,88	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030423	22020012411	21.492,11	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030458	22020012446	11.167,86	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030462	22020012450	19.493,71	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.
220200030427	22020012415	653,40	CONSULTORIA E INFORMÁTICA PARA LA GESTIÓN SOCIAL
220200030735	22020012723	4.497,75	COREGAL
220200030736	22020012724	1.617,84	COREGAL
220200030747	22020012732	1.617,84	COREGAL
220200030748	22020012733	4.237,98	COREGAL
220200030742	22020012727	3.096,41	ESCO MEGASERVICIOS
220200030750	22020012735	375,54	GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020 S.L.
220200030751	22020012736	1.206,52	GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020 S.L.
220200030421	22020012409	2.062,89	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030425	22020012413	5.739,85	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030429	22020012417	1.594,42	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030430	22020012418	3.144,61	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030433	22020012421	344,29	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030446	22020012434	861,77	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030449	22020012437	1.551,05	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030455	22020012443	1.194,38	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030461	22020012449	5.594,80	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030463	22020012451	3.113,56	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.

220200030464	22020012452	1.185,44	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030465	22020012453	1.675,02	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030476	22020012464	755,09	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030477	22020012465	359,38	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030500	22020012488	397,61	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030731	22020012719	1.583,04	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030733	22020012721	5.499,53	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030424	22020012412	17.325,12	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030426	22020012414	4.014,63	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030459	22020012447	18.755,75	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030460	22020012448	4.075,67	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030729	22020012717	16.177,99	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030732	22020012720	3.940,85	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030418	22020012406	332,05	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030419	22020012407	263,51	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030431	22020012419	260,50	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030434	22020012422	254,17	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030436	22020012424	587,85	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030438	22020012426	72,02	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030441	22020012429	168,99	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030442	22020012430	138,76	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030445	22020012433	151,75	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030447	22020012435	119,46	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030450	22020012438	487,42	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030452	22020012440	362,31	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030457	22020012445	324,44	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030466	22020012454	73,43	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030467	22020012455	121,50	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030468	22020012456	134,04	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030470	22020012458	189,24	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030478	22020012466	478,02	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030479	22020012467	165,23	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030481	22020012469	246,10	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030482	22020012470	205,16	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030484	22020012472	344,62	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030485	22020012473	157,78	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030486	22020012474	158,89	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030487	22020012475	218,79	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030488	22020012476	109,37	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030489	22020012477	442,87	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030490	22020012478	192,54	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030491	22020012479	142,55	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030492	22020012480	240,12	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030493	22020012481	497,64	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030494	22020012482	462,66	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030495	22020012483	317,12	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030496	22020012484	457,68	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030499	22020012487	308,83	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030501	22020012489	115,10	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030502	22020012490	2.092,83	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030503	22020012491	226,57	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.

220200030520	22020012508	292,31	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030521	22020012509	312,05	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030483	22020012471	377,54	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030435	22020012423	177,47	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030440	22020012428	71,18	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030443	22020012431	662,27	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030448	22020012436	562,99	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030469	22020012457	83,73	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030471	22020012459	1.169,19	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030475	22020012463	169,99	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030480	22020012468	995,10	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030420	22020012408	525,35	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030432	22020012420	192,26	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030439	22020012427	845,66	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030444	22020012432	227,69	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030456	22020012444	652,01	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030472	22020012460	443,62	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030473	22020012461	189,73	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030497	22020012485	219,64	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030730	22020012718	853,84	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030437	22020012425	521,17	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030474	22020012462	484,96	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030498	22020012486	209,06	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.
220200030744	22020012729	1.857,52	INDROPS LABORATORIO DE ANALISIS Y CALIDAD MEDIOAMBIENTAL, S.
220200030745	22020012730	606,82	LINCOLD IBERICA
220200030749	22020012734	4.489,58	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.
220200030453	22020012441	36.126,10	SOGAMA
220200030728	22020012716	35.732,92	SOGAMA
220200030743	22020012728	34.439,82	SOGAMA

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2021.

O sr. alcalde explica que como saben os/as concelleiros/as, porque xa se informou nas Comisións Informativas, houbo unha modificación no anexo de persoal como consecuencia da proposta que se fixo na mesa xeral, para dotar unha praza de promoción interna, entre outras cuestións, como xa se explicou nas Comisións. Aclara que isto vai a obrigar a votar esa modificación, que afecta ao anexo de persoal funcionario e ao anexo de persoal laboral, previamente e de forma diferenciada á aprobación dos orzamentos.

O sr. alcalde da conta da proposta do 19 de febreiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, do 25 de febreiro de 2021.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose confeccionado por esta Alcaldía o Orzamento Municipal do Concello de Teo para o exercicio 2021, e, considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 8, 9 e 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, en materia de orzamentos, propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facendas e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2021, cun importe total do Estado de Gastos de 21.670.301,80€ e do Estado de Ingresos de 21.670.301,80€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

ORZAMENTO MUNICIPAL 2021 - RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.814.847,40
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.085.479,00
3	Gastos financeiros	5.000,00
4	Transferencias correntes	1.045.049,28
Suman operacións correntes		12.950.375,68
6	Investimentos reais	8.430.066,56
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		8.437.066,56
<i>Total operacións non financeiras</i>		21.387.442,24
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	282.859,56
<i>Total operacións financeiras</i>		282.859,56
TOTAL ESTADO DE GASTOS		21.670.301,80

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.478.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.066.000,00
4	Transferencias correntes	6.331.000,00
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		14.065.850,00
6	Alleamento de investimentos reais	75.000,00
7	Transferencias de capital	6.457.142,30
Suman operacións de capital		6.532.142,30
<i>Total operacións non financeiras</i>		20.597.992,30
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	1.072.309,50
<i>Total operacións financeiras</i>		1.072.309,50
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		21.670.301,80

Segundo.- Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2021, que constan no expediente.

Terceiro.- Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia”.

O sr. alcalde lembra que cadaquén xa tivo de tempo de analizar os orzamentos e entende que todos teñen a súa opinión, pero en todo caso procederá a dar unhas liñas básicas que pensa que son o máis relevante.

Explica que se pasa dun orzamento no 2019 de 16.070.000.000 € a un orzamento deste ano 2021 de 21.670.000 €, producíndose un incremento do 30%. O orzamento consolida algunhas liñas xerais das políticas que se veñen desenvolvendo nos últimos

anos, como o apoio ás asociacións culturais e deportivas, coas axudas directas, para que poidan desenvolver con estabilidade a súa función. Se manteñen os ingresos fiscais, e a estas alturas levan xa máis dunha década sen que se incremente ningunha taxa nin ningún imposto por decisión directa da Corporación, o cal é moi significativo sobre todo polos tempos que nos corresponde vivir, e doutra banda apostase pola xestión directa dos servizos, o cal obriga a gastar en persoal bastante máis, xa que doutra forma se incluía nos gastos doutras empresas.

Explica o sr. alcalde que as características básicas son dous puntos destacados deste orzamento, por un lado, a aposta polos Servizos Sociais, nesta situación de crise primeiro económica e despois sanitaria que deriva noutra crise económica. Refírese o sr. alcalde ao incremento das emerxencias sociais, que é básico para poder manter a situación de dignidade de moitas familias, e sinala que o incremento neste servizo pasa de 2.100.000 € a 2.668.000 €, máis dun 25%, debéndose ter en conta que 220.000 € deste incremento corresponden ao POS social da Deputación. Salienta o sr. alcalde que hai un forte incremento no nivel de investimentos. Explica que neste momento nos orzamentos do exercicio 2021 hai 8.430.000. € de investimentos reais, capítulo VI, o que supón o 39% dos orzamentos. Sinala que nese capítulo sobresaie o Plan FEDER PO 2014/2020 no que se levan 4.114.000 € en total. Explica que neste Plan o Ministerio pon con fondos europeos o 80% do investimento e o Concello o 20%. É unha ocasión que non se debía deixar de escapar, aínda que ao Concello lle supón serios problemas económicos, non tanto pola dispoñibilidade económica, senón pola necesidade de adoptar as ferramentas económicas, como os Orzamentos, para facer fronte a ese investimento. Explica que por unha parte é certo que hai que facer fronte a 822.000 € de investimento propio para o cal se contempla, e así vai nos ingresos, un crédito financeiro de 700.000 euros, que é o compromiso do goberno tratalo coma unha operación de Tesourería, no sentido de que estea devolto na totalidade no ano 2023 para que a seguinte Corporación non teña que facer fronte a esta devolución. Porén é inevitable, xa non tanto pola parte do Concello, polos 800.000 euros que hai que afrontar, que se podería facer, senón porque hai que adiantar os 3.200.000 euros, non a totalidade, pero si unha parte importante en función de como vaian acabando as obras, posto que dende que se remata a obra, dende que se certifica e se da por realizada, calcúlase entre 6 meses e 1 ano o período que se tarde en devolver ao

Concello eses cartos adiantados.

Explica o sr. alcalde que hai que xogar economicamente, que non é unha situación cómoda nin fácil para levar adiante, pero o goberno municipal pensa que é unha oportunidade histórica para traer un investimento de máis de tres millóns de euros.

Remata o sr. alcalde reiterando que esas son as dúas liñas básicas do orzamento, os investimentos e os servizos sociais, o que supón máis de 11 millóns de euros, é dicir, máis do 50% do orzamento que se propón para a súa aprobación.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que xa vén sendo un costume do goberno que os orzamentos cheguen con atraso, que tiñan que estar aprobados para o 2020 e estamos no 2021 e que agarda que non se converta en costume.

Sinala que dende o BNG valoran positivamente os orzamentos cun incremento de 5,6 millóns máis que nas últimas contas, prorrogadas para o 2020, o que é grazas a unha grande transferencia de fondos doutras Administracións para investimentos, o que supón, como dixo o sr. alcalde, un aumento de máis do 30%.

Sinala que dende o BNG pensan que se debería meditar se este incremento en investimentos non debería de estar tamén acompañado de máis investimentos en servizos, pois aínda que hai un bo aumento na parte social, por exemplo a programación cultural pensan que é bastante feble e habería que revisar ese tipo de cousas.

Refírese o sr. Barreiro ao informe de intervención e sinala que no mesmo se avisa dun inflamento de ingresos no IBI de rústica, que pasaría de 20.000 euros a 231.000 euros, 10 veces máis, e de urbano de 2.800.00 millóns a 3.300.000, medio millón de euros máis. Tamén hai aumento na taxa da auga, saneamento e de servizos educativos, e finalmente un aumento de 0 a 22.000 euros por recadación de explotacións forestais. Solicita o sr. Barreiro que se expliquen esas previsións.

Refírese o sr. Barreiro a unha partida na cal se recollen uns ingresos por venda de terreos, e que a Interventora sinala que son uns ingresos que nunca se cumpren, pois nunca se venden eses terreos. Dende o BNG agardan que así sexa este ano, aínda

que haberá que velo.

Refírese o sr. Barreiro aos informes de intervención e di que nos mesmos se fai unha chamada acerca das subvencións nominativas e os informes desfavorables de moitas delas, insistíndose dende Intervención que deberían de ser de concorrencia competitiva.

Sinala o sr. Barreiro que o gasto da xestión do lixo é un importante capítulo, e á vista da renovación do contrato próximo pensan que estaría ben ter en conta outros modelos máis sostibles que axudaran a baixar este importe, e tamén creen que é necesario comezar a traballar nese aspecto o antes posible, pois é un tema que seguramente será complicado.

Sinala que, aínda que as limitacións impostas ás entidades locais son excesivas, falando en termos dos parámetros convencionais, quere dicir que se cumpre a estabilidade orzamentaria e máis o límite de débeda, aínda que a débeda viva é de 3,8 millóns, o cal lle parece bastante alto, aínda que tamén é certo que na meirande parte corresponde a créditos, e hai un plan de amortización, pero aínda así da un pouco de vertixe, porén agarda que vaia todo ben.

Di o sr. Barreiro que dende o BNG valoran positivamente o diálogo e a vontade de negociación do goberno municipal, algo que se reclamou durante moitos anos, sobre todo no mandato anterior, aínda que agora están un pouco máis obrigados polo equilibrio de forzas, pero aínda así valóranos positivamente e desexan que sexa a senda a seguir neste mandato, pois para o BNG o diálogo e os acordos son máximas na vida e na política.

Remata o sr. Barreiro a súa intervención poñendo en valor os avances en seguridade viaria, que é un tema recorrente por parte do BNG e que tamén é unha demanda social, nun Concello moi disperso e con moitos problemas neste sentido.

Anuncia o sr. Barreiro que o seu grupo vai a apoiar os orzamentos.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e sinala que vai a ser breve, pois como parte do goberno tampouco pode dicir que non son os orzamentos do PSOE, senón todo o contrario, quere facer un recoñecemento ao traballo neste caso do sr.

alcalde, porque si que é certo que fixar estes orzamentos é complicado, e sempre que alguén se mete en fondos europeos, no caso do préstamo do IDAE das luminarias, é unha cantidade moi esaxerada de golpe pero ó ser un préstamo previo neste caso o que pasou foron problemas de estabilidade orzamentaria e que claramente dentro do regulamento dos fondos europeos son cousas a mellorar. Segue dicindo que agora o que existe é o problema do pagamento a posteriori, que está indo moi lento, por non dicir que está sendo inexistente, co cal o goberno se está atopando con que vai haber problemas para que paguen, cando dende o Concello hai que adiantar todos os pagamentos, é dicir, hai que xustificar completamente as obras antes de que paguen, e están tardando. Refírese a modo de exemplo a sra. Lemus ás fotovoltaicas, que se acabaron en pleno confinamento, en marzo do ano pasado, e aínda non as pagaron. Salienta que indica isto para que se vexa o problema que poden xerar unhas Administracións a outras, cunha subvención que en principio son axudas e ao final acaba xurdindo un problema económico bastante potente que hai que solucionar.

Considera a sra. Lemus que se trata duns orzamentos bastante máis potentes que no 2019, engadindo que un filtro de dous anos é bastante recomendable, pois hai que facer unhas previsións polo menos de dous anos do que se pensa facer. Estes orzamentos indican un pouco as intencións do goberno municipal e como Concello, na aposta por darlle unha volta a un concepto tan importante como é a mobilidade, que estaba moi abandonado.

Sinala que polo que se refire aos servizos sociais, como lle corresponde ao goberno como Administración, se está a facer un importante esforzo.

Explica que, dentro de que a ningún goberno lle gusta acudir ao capítulo 9 de ingresos, pero é necesario. Hai ocasións en que é necesario facer este tipo de contas, a situación económica do Concello mellorou moito nos últimos anos, e agora está preparado para asumir este tipo de compromisos, para que antes de que se chegue ás seguintes eleccións deixar sen ese tipo de peso para os gobernos futuros, pois trátase de que cada goberno intente deixar o Concello o máis saneado posible. Anuncia a sra. Lemus que dende o seu grupo van apoiar o orzamento.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede á palabra á concelleira do seu

grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que, antes de entrar en materia, quería agradecerlle ao sr. alcalde que presente os orzamentos, aínda que como dixo o sr. Barreiro, “sen tempo non era”.

A sra. Calvo sinala que, tratándose da estimación dos ingresos, non se sustentan sobre a base dun estudo previo, pois como se pode comprobar no informe de intervención, considérase e verifícase un incremento dos ingresos nalgunhas partidas que non está xustificado, como por exemplo, como se comentou por parte do BNG, o IBI rústica, a IBI urbana, o ICIO, as taxas de servizo de auga, as taxas de saneamento, as taxas de servizos educativos e a participación nos tributos do Estado, e que ascendía no 2019 a 3.344.350,69 € e no 2021 recóllense 3.800.000 €. Entende a sra. Calvo que hai notificación do Estado confirmando isto, porque é un incremento do 113,62%.

Opina a sra. Calvo que isto supón unha temeridade por parte do goberno, porque como xa se vén advertindo o incremento dos ingresos dan lugar a un maior gasto, polo que se eses ingresos non se van percibir darán lugar a un desequilibrio nas contas, o que pode abocar ao Concello a un novo plan de estabilidade financeira. Cree que o máis coherente sería estimar os ingresos que efectivamente si se sabe que se van a recadar.

Sinala a sra. Calvo que non se xustifican os incrementos totalizados en máis de 1,2 millóns no orzamento de ingresos, xa que os datos da liquidación do exercicio do 2019 non recolle dereitos recoñecidos por tales cantidades. Di que non acaba de ver de onde saca os números o sr alcalde. Eses 1,2 millóns van dar lugar a un maior gasto, o que vai provocar que en próximos exercicios se estea pagando a nula ou inexistente planificación financeira á que o goberno lles ten acostumados.

Sinala a sra. Calvo que no estado de ingresos hai unha consignación de 75 mil euros para a venda de terreos, e que non ten correspondencia no anexo de inversións do estado de gastos, sendo eses ingresos afectados a un gasto concreto con financiamento afectado. Opina que se trata doutra práctica máis de inflamento do estado de ingresos, para dar lugar ao de antes, a un maior gasto que despois non fará que se ingrese nada, tal e como está especificado claramente pola Intervención.

A sra. Calvo salienta que se cansa de dicir o mesmo, que sempre é o mesmo, inflamento continuado, todos os anos se fala do mesmo, do tema dos terreos, pero entende que non se vai a cambiar o proceder.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que, por responsabilidade, non poden darlles un si aos orzamentos, nin sequera unha abstención, polo que, sentíndoo moito, vai a ser un non.

O sr. alcalde, comezando polas consideracións que facía o BNG, indica que é certo que se produciu un atraso nos orzamentos, e que para facer os orzamentos o goberno debería de contar previamente cos orzamentos doutras Administracións, e a Administración central foise atrasando bastante, entón as consideracións non axudan. Sinala que ten que ser un obxectivo e que se propón para o ano seguinte telos en tempo e forma, se non é en outubro polo menos que sexa antes de finais de ano.

Tratándose da venda forestal, aclara que é unha decisión que é certo que estaba contemplada nalgún ano pero non se fixo por falta de efectividade, de eliminar o eucalipto existente nas propiedades municipais, que pode asegurar que é moito. Di que esa previsión económica está en relación con iso. Considérase que este ano hai que facelo, si ou si, non tanto porque economicamente supoña nada, porque é unha contía nimia, senón pola posición medioambiental que defende o goberno.

Polo que respecta á venda de terreos di que este ano si ou si véndense 700.000 euros de propiedades. Haberá que sometelo a Pleno para a aprobación pero hai que facelo si ou si, porque o goberno necesita liquidez, e dentro desa liquidez inevitablemente vaise contar con ese capital, aproximadamente 700 ou 750 mil euros que se poden sacar para facer fronte, por exemplo, a ese adianto do que se falaba antes do investimento do IDAE. É certo que noutros orzamentos ía e non se fixo, pero tamén é certo que non ía nesas cantidades. Indica que non se fixo noutras ocasións porque as condicións económicas de venda non eran as mellores e non supoña unha perda patrimonial para o Concello. O sr. alcalde informa que se vai a iniciar xa o procedemento para a súa venda, engadindo que outra cousa é para o que se poida destinar, pois ao ser patrimonio municipal do solo unha parte importante só se pode investir en patrimonio municipal do solo, por iso tampouco hai unha referencia concreta na parte de gastos

ligada a eses investimentos.

Con respecto ás subvencións, competitivas ou de concorrencia, sinala que é unha discusión longa e tamén con moitos ángulos. Explica que dende o ano 2007 se comezou inicialmente por un incremento nas de concorrencia competitiva e ao pouco tempo notouse que iso era insufrible para as asociacións. Considera que se pode facer para aquelas asociacións novas que propoñan proxectos novos e creativos que poidan competir e demais, porén para escolas consolidadas de baile, de música tradicional, para as asociacións deportivas, etc, por poñer un caso Cacheiras ou Calo non poden estar esperando a ver canto lles toca este ano na subvención de concorrencia competitiva, teñen que ter unha base para o pagamento a mestres e resto dos gastos.

Evidentemente teñen que ser asociacións cunha longa traxectoria, das que haxa conciencia da súa responsabilidade, e que permita que non estean aí con profesores, por exemplo das escolas culturais, que se non teñen a seguridade lles resulta moi difícil contratar, tanto por parte da propia asociación como por parte dos profesores. É certo que se pode discutir e está aberta a discusión acerca desa distribución das asociacións nominativas, porén son básicas e necesarias, sobre todo se se ten en conta que, tal como dicía o sr. Barreiro, hai unha parte de investimento dende o punto de vista cultural feble, e iso hai que telo en conta, que hai unha parte moi importante da actividade cultural do Concello que se sustenta na labor de asociacións consolidadas e dunha longa traxectoria que foron a base da actividade e seguen tendo un peso moi importante.

Sinala o sr. alcalde que comparte a valoración que se fai sobre o problema do lixo, é dicir, máis de 1.200.0000 euros que hai que afrontar cada ano, polo tratamento do lixo, polo que anuncia que no próximo Pleno traeráse unha proposta concreta para este tema do lixo e das piscinas, dous dos contratos que rematan proximamente, para que sexa valorada pola Corporación. Sinala que é intención do goberno empezar por un proceso de diálogo fondo na súa discusión para afrontar eses novos retos que para todo o Concello supón o tratamento do lixo, dende un punto de vista ecolóxico, medioambiental e tamén neste caso dende un punto de vista económico.

Polo que se refire ós ingresos, acerca da pregunta que lle fan dende o PP en relación a

“de onde saen os números” comenta que saen non tanto da liquidación do 2019, que é case a dous anos vista, senón da execución dos orzamentos do ano 2020, que é unha parte que acompaña ós orzamentos. Por exemplo, de onde sae que se contemplan 3.800.000.000 de ingresos do estado, neste caso hai que ter en conta que na parte do estado de liquidación do orzamento, do avance de liquidación do ano 2020, estaban contemplados inicialmente 3.700.000 euros e hai dereitos recoñecidos por 3.688.000 euros. Referíndose á liquidación do ano 2020, sinala que é certo que se pon un incremento pero un incremento moi lixeiro, pois estase falando de que no ano 2020 o Concello tivo dereitos recoñecidos netos de 3.688.000.000 euros e póñense 3.800.000.000, polo que non chega nin a 125.000 euros o incremento no 2021.

Sinala que é así tamén nalgúns outras cuestións coma o IBI na parte correspondente á zona rústica, que o ano pasado sufriu un incremento moi grande, non tanto por ningunha decisión directa do Concello, senón porque coa nova ponencia de valores e coa modificación da lei tributaria comezaron a cotizar os cubertos, que é unha medida que ao goberno non lle gusta especialmente, e tamén se comezou a pagar polos solares. Antes os terreos aínda que estiveran contemplados no plan xeral como terreo sen edificar non pagaban agora comezan a pagar, e ese tipo de modificacións inflúen decididamente nos ingresos presupostados polo IBI.

No que respecta á venda de terreos, reitera que como xa explicou ao comezo da súa intervención, este ano se vai a facer, si ou si, e que se considera que, se se toma como base o estado de avance de liquidación do orzamento do ano 2020, os ingresos, evidentemente o goberno pode equivocarse, pero o nivel de diferenza nunca vai a ser, positivo ou negativo, maior do 5%.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e di que está ben que se vendan os eucaliptos, que non se volvan plantar e que se plante outra cousa máis ecolóxica. Desexa moita sorte nesa venda de terreos por importe de 700.000 euros nun contexto no que considera que vai ser complicado, agardando que en todo caso sexa polo ben de todos.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e sinala que segue pensando que non son uns orzamentos moi realistas e así mesmo desexa sorte para a venda de terreos, que

considera vai a estar complicado.

O sr. alcalde explica, como curiosidade, que hai xa uns anos iniciouse un proceso de venda de todas as propiedades de Augas Mansas, licitáronse e adxudicáronse por máis de 600.000 euros e curiosamente despois o adxudicatario renunciou á compra, co cal o Concello se fixo coa garantía de 30.000 euros. Espera o sr. alcalde que esta vez non suceda o mesmo e que vaia adiante.

O sr. alcalde agradece a todos as súas posicións, incluso o voto en contra é un punto de confianza, por algunhas das cuestións que se dixeron, non polo voto en si.

Explica o sr. alcalde que se vai a proceder a votar en primeiro lugar a emenda sinalada, referida ao anexo de persoal do orzamento, en concreto ao anexo de persoal funcionario e ao anexo persoal laboral, quedando os mesmos segundo se recolle a continuación:

ORZAMENTO MUNICIPAL 2021												
ANEXO DE PERSOAL												
PERSONAL FUNCIONARIO												
Nº	GRUPO PROG	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	RETRIBUCIÓN BÁSICAS EX. TRIENIOS	CD*14	CE *14	RET. TOTAIS	SITUACIÓN
1	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	INSPECTOR	A2	26	14.132,38	10.703,56	16.671,76	41.507,70 €	V-MOB
2	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	CABO/OFICIAL	C1	20	10.823,90	6.740,72	15.971,44	33.536,06 €	P
3	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
4	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
5	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
6	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
7	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
8	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
9	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
10	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
11	132	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA	GARDA/POLICÍA	C1	18	10.823,90	6.052,48	13.174,00	30.050,38 €	P
SEGURIDADE E ORDE PÚBLICA												
12	151	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO SUP.	ARQUITECTO	A1	28	16.071,44	12.760,72	22.816,50	51.648,66 €	P
13	151	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	ARQUITECTO TÉCN.	A2	26	14.132,38	10.703,56	16.671,76	41.507,70 €	V-Repos
Lab 8	151	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	ARQUITECTO TÉCN.	A2	26	8.139,26	0,00	0,00	8.139,26 €	V-PI Cruzada
14	151	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.823,90	7.815,92	15.917,44	34.557,26 €	P
URBANISMO												
15	230	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	TRABALL. SOCIAL	A2	26	14.132,38	10.703,56	16.671,76	41.507,70 €	V-O.I.
16	230	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	TRABALL. SOCIAL	A2	26	14.132,38	10.703,56	16.671,76	41.507,70 €	P
Lb 23	230	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	TRABALL. SOCIAL	A2	26	8.139,26	0,00	0,00	8.139,26 €	V-PI Cruzada
Lb 24	230	ADMÓN. ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICO MEDIO	TRABALL. SOCIAL	A2	26	8.139,26	0,00	0,00	8.139,26 €	V-PI Cruzada
17	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.823,90	7.815,92	15.917,44	34.557,26 €	V-Repos
ADMINISTRACIÓN XERAL DE SS												
18	320	ADMÓN. XERAL	SUBALTERNA			AP	14	8.408,12	4.676,28	10.320,66	23.405,06 €	P
19bis	320	ADMÓN. XERAL	SUBALTERNA		A AMORTIZAR	AP	14	8.408,12	4.676,28	10.320,66	23.405,06 €	P
ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACIÓN												
19	330	ADMÓN. XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVA			C2	18	5.104,48	0,00	0,00	5.104,48 €	V-PI
ADMINISTRACION XERAL DE CULTURA												
Lb 32	332	ADMÓN. XERAL	TECN AUX ARQUIVO E BIBLI			C1	22	10.992,04	0,00	0,00	10.992,04 €	V-PI Cruzada
BIBLIOTECAS E ARQUIVOS												
20	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA		ENTRADA	A1	30	16.071,44	14.850,78	22.816,50	53.738,72 €	P
21	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA		ENTRADA	A1	30	16.071,44	14.850,78	22.816,50	53.738,72 €	P
22	920	ADMÓN. XERAL	TÉCNICA RRHH			A2	26	14.132,38	10.703,56	16.671,76	41.507,70 €	V-O.I.
23	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA(XSA)			C1	22	10.823,90	7.815,92	22.200,08	40.839,90 €	P
24	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.823,90	7.815,92	15.917,44	34.557,26 €	P
25	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.823,90	7.815,92	15.917,44	34.557,26 €	P
Lb 50	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.992,04	0,00	0,00	10.992,04 €	V-PI Cruzada
Lb 51	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.992,04	0,00	0,00	10.992,04 €	V-PI Cruzada
26	920	ADMÓN. XERAL	SUBALTERNA			AP	14	8.408,12	4.676,28	10.533,04	23.617,44 €	V-O.I.
ADMINISTRACIÓN XERAL												
27	931	HABILITACION EST.	INTERVENCIÓN-TEASOURERÍA		ENTRADA	A1	30	16.071,44	14.850,78	22.816,50	53.738,72 €	P
28	931	HABILITACION EST.	TESOURERÍA		ENTRADA	A1	30	16.071,44	14.850,78	22.816,50	53.738,72 €	P
29	931	ADMÓN. XERAL	TECN. XEST ECON-TEASOUR			A2	26	3.278,96	2.887,64	0,00	6.166,60 €	V – PI
29bis	931	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA(TESOUR)			C1	22	10.823,90	7.815,92	22.200,08	40.839,90 €	P
30	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	1.817,48	1.763,44	2.634,94	6.215,86 €	V – PI
30bis	920	ADMÓN. XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVA			C2	18	9.174,56	6.052,48	13.282,50	28.509,54 €	P
Lb 55	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA			C1	22	10.992,04	0,00	0,00	10.992,04 €	V-PI Cruzada
POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL												

ORZAMENTO MUNICIPAL 2021						
ANEXO PERSOAL						
PERSOAL LABORAL						
Nº	GRUPO PROG	POSTO	CATEGORÍA	GRUPO	SALARIO BASE 14 PAGAS	SITUACIÓN
1	135	CAPATAZ PROTECCIÓN CIVIL	CAPATAZ ENCARGADO-AMORT	C2	24.579,24	VACANTE-OT
2	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
3	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
4	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
5	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
6	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
7	135	PEÓN PROTECCION CIVIL	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE -OT
PROTECCION CIVIL						
8	151	ARQUITECTO TÉCNICO	TÉCNICO MEDIO – AMORTIZ	A2	33.368,44	FIXA
URBANISMO						
9	161	XEFE DE INSTALACIONES E REDES	TECNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
10	161	OFICIAL ELECTRO MECANICO	OFICIAL DE PRIMERA	C2	23.221,80	VACANTE-OT
11	161	OPERARIO DE REDES	OFICIAL DE SEGUNDA	C2	21.931,21	VACANTE -OT
ABASTECIMIENTO DE AUGAS						
12	164	CONSERXE/ENTERRADOR	OFICIAL DE SEGUNDA	C2	21.931,21	VACANTE-OT
CEMITERIO E SERVIZOS FUNERARIOS						
13	170	TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE	TÉCNICO ESPECIALISTA	B	29.422,82	VACANTE -OT
ADMINISTRACIÓN XERAL DO MEDIO AMBIENTE						
14	171	ENCARGADO SERVIZOS BÁSICOS	ENCARGADO XERAL	C1	1.950,20	V-Prom Int
14bis	171	ENCARGADO SERVIZOS BÁSICOS	CAPATAZ ENCARGADO-AMORT	C2	24.592,68	FIXA
15	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
16	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
17	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
18	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
19	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
20	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	FIXA
21	171	OPERARIO SERVIZOS BÁSICOS	AUXILIAR DE XARDINERÍA	C2	21.931,21	V – Repos
PARQUES E XARDÍNS						
22	230	EDUCADOR/A FAMILIAR	TÉCNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
23	230	TRABALLADOR/A SOCIAL	TÉCNICO MEDIO- AMORTIZ	A2	33.368,44	VACANTE-OT
24	230	TRABALLADOR/A SOCIAL	TÉCNICO MEDIO – AMORTIZ	A2	33.368,44	VACANTE-OT
25	230	PSICÓLOGO/A CIM	TÉCNICO SUPERIOR	A1	38.508,12	FIXA
26	230	AVOGADO/A CIM (TP 52%)	TÉCNICO SUPERIOR	A1	20.024,22	VACANTE-OT
ADMINISTRACIÓN XERAL DE SS						
27	241	AEDL	TÉCNICO SUPERIOR	A1	38.508,12	Temp. INDEFINIDA
28	241	ORIENTADOR/A LABORAL	TÉCNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
FOMENTO EMPREGO						
29	330	TÉCNICO DE XESTIÓN CULTURAL	TÉCNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
ADMINISTRACIÓN XERAL DE CULTURA						
30	332	BIBLIOTECARIO	TÉCNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
31	332	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	23.565,22	FIXA
32	920	AUXILIAR ARQUIVO E BIBLIOTECA	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-AMORT	C2	23.565,22	FIXA
BIBLIOTECAS E ARQUIVOS						
33	340	ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	TÉCNICO ESPECIALISTA	B	29.422,82	OCUPADA INDEF
34	340	COORDINADOR ACTIVIDADES DEPORTIVAS	ADMINISTRATIVO	C1	1.950,20	V-Prom Int
34bis	340	COORDINADOR ACTIVIDADES DEPORTIVAS	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-AMORT	C2	23.565,22	FIXA
35	340	OPERARIO MANTENIMENTO E DINAM INSTALAC. DEPORT.	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	C2	21.931,21	VACANTE-OT
ADMINISTRACIÓN XERAL DE DEPORTES						
36	450	ENCARGADO OBRAS MUNICIPAIS	ENCARGADO XERAL	C1	1.950,20	V-Prom Int
36bis	450	ENCARGADO OBRAS MUNICIPAIS	CAPATAZ ENCARGADO-AMORT	C2	24.592,68	FIXA
37	450	OFICIAL ALBANERÍA	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	FIXA
38	450	OFICIAL ALBANERÍA	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	FIXA
39	450	OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	V-Reposición 16
40	450	OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	OFICIAL SEGUNDA	C2	21.931,21	FIXA
41	450	OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	OFICIAL SEGUNDA	C2	21.931,21	V-Reposición 17
42	450	OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	OFICIAL SEGUNDA	C2	21.931,21	FIXA
43	920	OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	OFICIAL SEGUNDA	C2	21.931,21	V - Temporal
44	450	TRACTORISTA	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	FIXA
45	450	TRACTORISTA	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	FIXA
46	450	TRACTORISTA / PALISTA	OFICIAL PRIMEIRA	C2	23.221,80	VACANTE-OT
ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS						
47	920	NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO	TÉCNICO SUPERIOR	A1	38.508,12	VACANTE OT
48	920	TÉCNICO INFORMÁTICO	TÉCNICO MEDIO	A2	33.368,44	VACANTE-OT
49	330	TÉCNICA APOIO ADMON ELECTRÓNICA	TÉCNICO ESPECIALISTA	B	29.422,82	FIXA
50	920	AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-AMORT	C2	23.565,22	FIXA
51	230	AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-AMORT	C2	23.565,22	Temp. INDEFINIDA
52	920	AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	23.565,22	V - Temporal
53	920	TELEFONISTA	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	22.244,74	FIXA
54	920	LIMPADOR/A	OPERARIO COORDINADOR	C2	21.931,21	V – Temporal
ADMINISTRACIÓN XERAL						
55	931	AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-AMORT	C2	23.565,22	FIXA
ECONÓMICA E FISCAL						

V – Repos. Vacante a cubrir de forma definitiva mediante taxa reposición

V – Prom Int-praza vacante a cubrir por promoción interna.

V - Temporal -Praza vacante para cubrir de forma temporal (interina)

VACANTE-OT.- praza vacante ocupada temporalmente

Temp. INDEFINIDA – praza vacante cuberta temporalmente de forma indefinida

Sometida a votación a emenda formulada, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor – 14 (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 6 PP)

Votos en contra – 0

Abstencións – 2 (2 BNG).

De acordo co resultado da votación, sométese a votación a proposta da Alcaldía, do 19 de febreiro de 2021, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, do 25 de febreiro de 2021, coa emenda aprobada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), seis votos en contra (6 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2021, cun importe total do Estado de Gastos de 21.670.301,80€ e do Estado de Ingresos de 21.670.301,80€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

ORZAMENTO MUNICIPAL 2021 - RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.814.847,40
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.085.479,00
3	Gastos financeiros	5.000,00
4	Transferencias correntes	1.045.049,28
Suman operacións correntes		12.950.375,68
6	Investimentos reais	8.430.066,56
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		8.437.066,56
<i>Total operacións non financeiras</i>		21.387.442,24
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	282.859,56
<i>Total operacións financeiras</i>		282.859,56
TOTAL ESTADO DE GASTOS		21.670.301,80

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.478.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.066.000,00
4	Transferencias correntes	6.331.000,00
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		14.065.850,00
6	Alleamento de investimentos reais	75.000,00
7	Transferencias de capital	6.457.142,30
Suman operacións de capital		6.532.142,30
<i>Total operacións non financeiras</i>		20.597.992,30
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	1.072.309,50
<i>Total operacións financeiras</i>		1.072.309,50
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		21.670.301,80

Segundo.- Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2021, que constan no expediente.

Terceiro.- Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A AP-9.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 9 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 517), que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 25 de febreiro de 2021.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

A autoestrada do atlántico, AP9, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país. A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten custado miles de millóns de euros en peaxes.

A situación da AP9 no concello de Teo así como a súa situación é ben coñecida, é unha vía que non nos supón ningún beneficio malia atravesar todo o termo municipal, non paga apenas IBI e non ten entrada e saída no concello. Diante desta situación, e tamén co propósito de desconxestionar as outras estradas, aprobáronse en novembro de 2015 e decembro de 2017 sendas mocións na que se reclamaba ao Ministerio de Fomento a construción de vías de entrada e saída na autoestrada e ao Goberno o Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI que vai en prexuízo dos concellos polos que transcorre a vía.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixó-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do

Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efectivice canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.

3.- Instar ao Goberno do Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI que vai en prexuízo dos concellos polos que transcorre a vía”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que quere deixar constancia da discrepancia coa exposición de motivos da moción porque creen que é un intento do BNG de blanquear a súa culpa, a súa enorme responsabilidade na situación de agravio que vive Galicia en relación coa AP 9.

Considera a sra. Calvo que se o BNG quere facer historia, debería lembrar tamén que era un partido no goberno galego no bipartito, cando no ano 2008 votou no Parlamento de Galicia en contra da reclamación da transferencia da AP9 a Galicia.

Explica a sra. Calvo que o BNG formaba parte do goberno galego que no 2006 accedeu a asinar un acordo co goberno e Audasa para bonificar as peaxes de Rande e Barcala, con cartos de todos os galegos, a pesar de ser unha autoestrada estatal, acordo que foi a orixe dun enriquecemento inxusto de Audasa, tal e como ditaminou anos despois o Consello de Estado.

Lembra que máis recentemente o BNG asinou un acordo de goberno con Pedro Sánchez, traizoando os intereses dos galegos, a cambio dunha foto, é dicir, a cambio de nada. O BNG deulle o goberno ao PSOE, que o pasado 1 de xaneiro permitiu que a AP9 rexistrase a maior suba de todas as autoestradas de España, e seguen sendo socios.

Sinala a sra. Calvo que o BNG é o socio en Galicia e en España do partido que en 2011 decidiu que as obras de ampliación da autoestrada en Santiago e en Rande, non as pagarían os orzamentos xerais do Estado, senón que as pagarían os galegos dos seus petos, con subas extraordinarias das peaxes, polo tanto un goteo tremendo durante 20 anos de subas extraordinarias.

O Consello Consultivo de Galicia ditaminou que ese acordo de 2011, do goberno de España con Audasa, ratificado por un goberno socialista no 2018, supón vantaxes totalmente desproporcionadas para a concesionaria.

Considera a sra. Calvo que leccións as xustas e que no BNG son expertos en fabricar problemas e despois poñerse detrás dunha pancarta para intentar colgarse medallas.

Anuncia a sra. Calvo o voto a favor do seu grupo, por responsabilidade cos galegos, porén quería deixar constancia de todo o dito.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apio do seu grupo.

O sr. Barreiro agradece que se lles recoñeza que cun Deputado, de trescentos cincuenta, son os que poñen o goberno do Estado. Sinala que é certo que apoiaron ese goberno con un acordo de investidura que acadou máis vantaxes para Galicia que todos os gobernos de Feijóo, que o único que fai é vender Galicia a trozos.

Considera o sr. Barreiro que resulta sorprendente que se lles acuse de traizoar os intereses dos galegos, engadindo que non merece a pena entrar nun debate que transcende o local.

Sinala o sr. Barreiro que entender que bonificar as peaxes é traizoar os galegos, cando se levan 40 anos de gobernos do PP e do PSOE e ningún deles transferiu a AP 9, ningún deles bonificou, ningún deles rebaixou as peaxes e ningún deles tomou ningunha medida para subsanar este problema que ao final ao que leva é que sexa a autopista con máis anos de concesión e a autopista máis cara do Estado.

Sinala o sr. Barreiro que nas forzas do Estado cada un defende o seu, deféndese a Casado e a Sánchez e Galicia que vaia agardando, engadindo que neste caso é o PSOE o que debería facer cumprir ese acordo o antes posible, que para iso está orzamentado.

Sinala o sr. Barreiro que o PP lles acuse a eles de prexudicar os intereses dos/as galegos/as, cando ao redor de vinte e dous mil usuarios teñen que pasar por esa autoestrada, que sigue sendo de pago, e cando no ano 2019 Audasa tivo uns ingresos de 153 millóns de euros, non sabe que responsabilidade teñen eles niso.

Sinala o sr. Barreiro que se conseguen que se solucione o problema, e se conseguen que a autoestrada pase a ser propiedade de todos/as galegos/as, que sexa gratuíta ou que polo menos estea bonificada como ten que estar, eles aceptan todas as culpas sen problema, xa que o PP non ten culpa de nada e a culpa é sempre do BNG.

Di o sr. Barreiro que xa se tardaba en sacar o bipartito neste Pleno.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda.

A concelleira do PP, sra. Calvo, sinala que a hemeroteca está aí, e que o BNG votou en contra da transferencia no 2008, e se pode comprobar, e que o pacto lle dou o goberno ao sr. Sánchez, como acaba de recoñecer o sr. Barreiro. Sinala que o de citar o bipartito, hai que ter en conta que é historia e aínda que xa sabe que moitas veces non gusta hai que asumir as cousas.

Remata a sra. Calvo sinalando que, polo que respecta á moción, o que todos queren é que se faga a transferencia dende o goberno central a Galicia, que é o que corresponde.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.

3.- Instar ao Goberno do Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI que vai en prexuízo dos concellos polos que transcorre a vía.

10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UCI DO CHUS.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 9 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 518), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

A Unidade de Coidados Intensivos de adultos do Hospital Clínico de Santiago (UCI-A) é a unidade de referencia para as persoas enfermas de covid-19 para a que os e as profesionais deben contar cunha formación específica en unidades de críticos . Mais é unha sala aberta que dispón tan só de dous cubículos , de aí que os /as profesionais están expostos/as ao risco de contaxio do coronavirus e, no caso de contaxio, a Xerencia atópase cun problema serio ao non existir profesionais (médicos, enfermeiras, TCAES) dispoñíbeis na listaxe de contratación que , ademais, non contan coa formación específica en coidados críticos.

A Xerencia incumpriu o acordado cos e coas profesionais antes do verán , de facer unha UCI -A con cubículos para que o persoal sanitario non estivese xornadas de 7 a 10 horas cos equipos de protección individual (EPI) sen poder descansar . A desculpa da Xerencia é que non atoparon empresa para realizar esta obra en 3 meses mais a realidade é que non existía nin proxecto , nin partida orzamentaria nin acordo do Consello da Xunta para realizar estas obras , como aconteceu tamén coa obra do servizo de Urgencias.

Ante a falta dunha UCI-A con cubículos , a Xerencia desbotou o plan de prevención fronte o coronavirus (SARS-COV-2) dos/as traballadores /as desta área sanitaria e o do Ministerio de Sanidade, nin tampouco estimou traballar nunha unidade que teña cubículos pechados para atender en mellores condicións de traballo pacientes covid-19.

A Xerencia obviou tamén o plan de prevención de riscos centrados no posto de traballo, que debe garantir as condicións de traballo e medidas de seguridade , tanto para o/a profesional como para o/a doente.

Outra carencia que ten o persoal é a formación en riscos laborais (teórica e práctica) para o persoal contratado que chega á unidade e de adestramento para o resto do persoal. Así como a formación en novas técnicas e aparellos da unidade.

Por outro lado, o persoal advirte da falta de EPI, uniformidade suficiente, duchas próximas e suficientes preto da unidade para non ter que percorrer todo o hospital co uniforme usado. Así, o persoal que se ve sometido a traballar nesta precariedade reclama mellorar as condicións no traballo, que é a única solución para permitir contar con prestacións sanitarias de calidade.

Ante estes feitos, o persoal mantén unha folga para reclamar estas medidas estruturais, medidas organizativas e preventivas, a aplicación do plan de prevención de riscos, dotación de EPI e duchas-vestiario próximas á unidade, formación de profesionais e controis de PCR periódicos necesarios para a conciliación da vida familiar e laboral.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- Solidarizarse coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclamarlle á Xunta que realice, de urxencia, as melloras nas UCI -A para favorecer as condicións de saúde laboral destes/as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da covid-19”.

Sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PP D.^a Margarita Rosende Domínguez, que se incorpora de novo pasados dous minutos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez quere poñer de manifesto o recoñecemento do seu grupo a todos e todas os profesionais que neste tempo se dedicaron á sanidade, e en xeral a todos os que estaban en primeira liña e aos que lle tocou estar moi de cerca coa enfermidade. Anuncia a sra. Vázquez a abstención do seu grupo, porque están de acordo en que sempre hai que mirar porque estas persoas que están protexendo a todos os cidadáns,

estean protexidas e están no seu dereito e reclamar e a negociar todo o que sexa necesario. É verdade que pode haber certas condicións que no seu momento non foron axeitadas, como o que o da UCI sexa en espazos abertos, aínda que tamén é verdade que para que sexan espazos abertos había unha razón de base para iso, porque ninguén estaba preparado para iso.

Sinala a sra. Vázquez que xusto agora o representante do BNG dicía que non quería debater temas que se saisen do local, e do local non se saía o feito de que durante a corentena os/as concelleiros/as non ían ao Concello e había unha asignación a grupo e o PP quixo propoñer para que se puidesen usar eses cartos para a xente de Teo, ante esta pandemia, e nese caso tamén botaron en falta que o BNG se preocupase do local e puidesen chegar a algún acordo para que fose posible poder darlle ese uso aos veciños de Teo tamén, en canto as súas protección, e aos autónomos e o que puidese axudarse, e tampouco non se fixo, cando noutros sitios si se fixo.

Considera que non hai moito máis que dicir, que manteñan as negociacións e que acaden o seu, engadindo que eles non van a estar nesas negociacións e por iso se van a abster nese caso.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda solidarizarse coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclamarlle á Xunta que realice , de urxencia, as melloras nas UCI-A para favorecer as condicións de saúde laboral destes /as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da covid-19.

11.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SON DE TEO E PSdeG-PSOE DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA COBAS DO CEIP OS TILOS DE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP OS TILOS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, administración e participación veciñal, D.^a María Josefa Argibay da Silva.

A sra. Argibay da conta da moción dos grupos municipais de Son de Teo e PSdeG-PSOE (rex. entrada nº 578, do 12/02/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

“MOCIÓN CONXUNTA DE PsdeG-PSOE, e Son de Teo de APOIO Á PETICIÓN DA ANPA COBAS DO CEIP OS TILOS DE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR NO CEIP OS TILOS.

Ao amparo do disposto no artigo 22.2b do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Teo, os grupos municipais asinantes, presentan para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a moción de apoio á petición da Anpa do CEIP Os Tilos de solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a xestión do Comedor Escolar do CEIP Os Tilos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a Xunta directiva da Anpa Cobas do Ceip Os Tilos, en agosto de 2020, infórmanos da súa decisión de NON ASUMIR a xestión do comedor de dito centro o vindeiro curso 2020/2021, debido ás circunstancias ocasionadas pola pandemia Covid-19, a consecuencia das cales a Administración Autonómica, esixe ás Anpas e demais entidades que xestionan os comedores escolares, unhas responsabilidades que estes non poden nin deben asumir.

Tras unha Asamblea de pais celebrada o día 18 de agosto de 2020, dende a Anpa, o 24 de agosto remiten un escrito á Concellería de Educación, no que expoñen varias posibles solucións a este tema:

- 1- Convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería, e a posterior contratación por emerxencia Covid.
- 2- Asunción da xestión do comedor por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- 3- Que dende o Concello se asuma para paliar esta situación, un Servizo de Conciliación o cal, agora mesmo está funcionando ata as 15,30 horas.

Unha vez revisada esta petición da Anpa, e consultados os servizos xurídicos, remítese un escrito á mesma, con data 27 de agosto de 2020, indicando que as competencias da área de educación dos concellos asignadas por lei estatal e autonómica, cinguense ás seguintes:

:

O mantemento , conservación e reparación dos edificios e equipamentos escolares, consumos, limpeza diaria e saneamento, conserxería e vixilancia dos centros, e reparacións menores e melloras nas instalacións dos centros.

A maiores, e como consecuencia da pandemia Covid-19, os concellos víronse obrigados a asumir o custo do aumento da limpeza e desinfección dos centros escolares do concello de Teo.

Indicamos tamen que segundo establece o artigo 1.3 do Decreto 132/2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería: “ *A CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN, PROVEERÁ MEDIANTE A MODALIDADE MÁIS CONVINTE EN CADA CASO , A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO...* “.

No mesmo Decreto, a disposición adicional terceira, establece que “ *A asunción progresiva pola Concellería con competencias en materia de educación da xestión dos comedores escolares xestionados polas asociacións de nais e pais, se irá facendo pola*

modalidade de xestión prevista no artigo 2.1.b) e c) do presente decreto (XESTIÓN INDIRECTA , pero xestionado pola Xunta)

De acordo co exposto, e en aras de dar unha pronto solución á problemática xurdida, contactouse dende esta Concellería, ca Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, informando esta que previa unha solicitude presentada polo centro ante esa secretaría, sería a Xunta de Galicia a que se faría cargo da xestión do comedor, e por tanto o servizo seguiría existindo no centro, ca finalidade de contribuir á conciliación da vida familiar e laboral das familias.

No mes de Agosto, a Concellería de Educación, puxo en coñecemento da ANPA do Ceip Os Tilos a necesidade de presentar a solicitude de forma inmediata á Xunta para que esta asuma a xestión do comedor escolar.

O Concello de Teo, entende que esta solución, a xestión do comedor pola administración competente, mantería a Igualdade entre centros, e paliaríase a discriminación existente entre o alumnado das distintas zonas do concello, xa que os 3 centros educativos pasarían a ter xestionado o servizo de comedor pola Consellería de Educación.

Temos constancia de que dende a Anpa se iniciaron os trámites pertinentes ante a Consellería para solicitar a xestión do comedor.

Nestros intre, e unha vez apercibidos pola Anpa da demora na resposta por parte da Consellería, con data 23 de decembro de 2020, poñémonos en contacto co servizo de comedores da Xunta en varias ocasións, nas que nos xustifican a demora en diversas circunstancias organizativas como cambios de persoal, en que están pendentes dunha reunión, etc.

Durante estas conversacións telefónicas, dende o servizo de comedores da Consellería, indicánnos a posibilidade de asinar un convenio por 2 anos, peros sen

garantía de que unha vez transcorrido este prazo sería a Consellería a que asumise a xestión do comedor.

Dende esta Concellería, declinamos dita posibilidade, xa que entendemos que é a Xunta a responsable da xestión dos comedores escolares, e lembrándolles que o responsable da demora nesta tramitación está a ser a Consellería, e que a comunidade escolar, precisa que se axilice a tramitación para poñer a funcionar o comedor.

Ante a falta de resposta por escrito por parte da Consellería, decidimos conxuntamente ca Anpa, enviar sendos escritos por Rexistro ao Servizo de comedores, e ao propio Conselleiro solicitando que se fagan cargo con urxencia de dito comedor, e indicamos os graves perxuízos que a situación está a provocar na comunidade educativa de dito centro.

Ante esta situación de falta de resposta por parte da entidade competente na materia, en data 8 de febreiro de 2020 solicitamos a celebración do Consello Escolar Municipal con carácter extraordinario para tratar de acadar o apoio de toda a comunidade educativa á petición da Anpa Cobas do Ceip Os Tilos.

Asemade, dende a Alcaldía solicitouse unha reunión co Conselleiro de Educación para tratar de buscar unha solución a este problema, solicitude á que na data da sinatura desta moción non temos resposta.

E propónse a **ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO** :

Primeiro: Apoiar a solicitude da Anpa do Ceip Os Tilos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para que xestione dende este curso o comedor de dito centro, en cumprimento das súas competencias recollidas na normativa vixente.

Segundo: remitir o presente acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como ao Presidente da Xunta que foio o que asinou o Decreto de 2013”.

Aberta a quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que o Decreto da Xunta 131/2013, do 1 de agosto, di que *“o comedor escolar nestes intres vai máis alá, xa que alcanza novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar. A Consellería competente en materia de Educación proverá, mediante a modalidade máis conveniente en cada caso, a prestación do servizo de comedor escolar ao alumnado que cursa ensinanza básica ou o segundo ciclo de educación infantil”*.

Dirixíndose ás/aos concelleiras/os do PP, sinala que está claro quen ten as competencias e quen non quere asumilas, e está claro que isto é unha deixadez de funcións de libro. Pregúntase o sr. Barreiro cal é o fin último desta decisión, que ninguén entende. Pregunta por que para a Xunta de Galiza hai cidadáns de primeira e de segunda, e agarda saber como explicarán isto á veciñanza dos Tilos, xa que, como todo o Concello sabe, nos outros colexios do Concello si que se xestionan os comedores.

Opina o sr. Barreiro que non se entende que un goberno autonómico se empeñe en eludir responsabilidades e botalas ao lombo doutras Administracións. Considera que é unha vergoña o trato que a Xunta da Teo permanentemente, xa que nin hai boas comunicacións, nin transporte público funcional, nin centro de día, nin centros de saúde dotados de persoal, e ata a parcelaria a deixaron de facer. Porén, a Xunta veu facer fotos a Pontevea coa declaración da ponte como BIC, pero tampouco mandaron un peso para facer nada.

Considera o sr. Barreiro que é unha vergoña que a xunta de Feijóo teña un colexio en Teo sen comedor, a estas alturas do curso, en marzo, e máis aínda nun ano coma este, coas familias ao límite mental e economicamente. Considera que é unha mágoa que o PP de Teo sempre encontre un motivo para darlle a razón ao seu xefe, aínda que aquí voten ao que toca por algo que, parafraseando ao profesor Barreiro Rivas se podería cualificar como *“oportunismo localista”*. Sinala que o PP abstívose nunha moción con número de rexistro de entrada 3773 do Pleno de setembro, no que se instaba á Xunta a que, textualmente, *“se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares cando menos nos mesmos termos que o servizo daría en condicións normais”*. Descoñece que discurso vai a usar o portavoz do PP, que tipo de artimaña dialéctica,

para xustificar o inxustificable que é nin máis nin menos que ter a dúas ducias de meniños e meniñas sen poder comer no colexio nin ás súas horas e as familias sometidas a unha tensión económica, social, persoal e laboral francamente brutal. Explica que teñen que gastar máis de 200 euros ao mes en servizos privados de conciliación, que tiveron que cambiar os seus horarios laborais para atender ós cativos, e iso os que puideron facelo, outros non teñen esa posibilidade económica e vense empuxadas a un caos social que non é de recibo nunha sociedade pretendidamente avanzada. Continúa dicindo que xa hai familias que decidiron cambiar de colexio debido a esta situación incerteza. Explica que hai unha necesidade cidadá e social e que o goberno Feixóo é quen ten as competencias e non as asume, non sabe se por simple deixadez, algunha manobra política ou simple mercantilismo. Non entende como alguén pode xustificar este modo de actuación por unha Consellería, máis aínda cando nos outros dous centros, como xa se dixo, si se presta este servizo.

Opina o sr. Barreiro que a posición da Xunta é un absurdo e os únicos prexudicados son, en primeiro lugar, os cativos e cativas e, en segundo lugar, as súas familias e a comunidade escolar do colexio dos Tilos. Pide que se reflexione sobre a ética de sementar o caos nas escolas e con menores de 12 anos.

Salienta o sr. Barreiro que, por se non fose abondo con esta situación, se non hai comedor este ano no vindeiro curso a Xunta considerará que está inactivo e terá unha escusa máis para non asumilo.

Entende o sr. Barreiro que a Xunta é responsable en primeira instancia, mais non só, pois tamén o é a concelleira de educación de Teo, que intentando politizar este problema perdeu unha oportunidade marabillosa de pasar do slogan aos feitos. Di que esa unidade de acción que tanto predicán non se reflicte nesta moción de parte, a que, polo menos ao BNG non se lle convidou a asinar.

Sinala o sr. Barreiro que a xestión da Concellaría de educación e cultura do goberno municipal é un tanto desastrosa neste tema e un pouco tamén na educación e na cultura xeral. Agora tamén é partícipe a concellaría nesa desafortunada situación na que teñen atrapadas a unhas familias entre a deixadez duns e a incapacidade resolutiva doutros. Considera que é moi grave que se manteña ás familias nesta

situación durante meses e é máis grave aínda que se lles diga un día que si e outro que non, o que se repetiu varias veces. Se como se manifesta dende a concellaría está claro que non se pode asumir o comedor, habería que preguntarse por que se compromete con cousas que non pode cumprir, porque se comprometeu en repetidas ocasións, a derradeira o mércores pasado, para negarse o día seguinte.

Sinala o sr. Barreiro que, segundo se relata na propia moción, se ten coñecemento o 27 de agosto de 2020 mais non considerou pertinente informar á Corporación, nin tan sequera na exposición de motivos de dita moción, o que provocou, por certo, que o PP non vira a Teo por ningures e considerara aquela moción xenérica. Se tardan 3 meses, ata o 23 de decembro de 2020, en comunicarse coa Consellería e faino a requirimento da ANPA porque a Xunta non responde. Tarda en enviar outro escrito dirixido á Consellería, un mes, non reúne o consello escolar ata o 8 de febreiro, non solicita unha entrevista co Conselleiro ata febreiro, da que xa dixo que non tiña resposta. Non só coñecía a situación dende o 27 de agosto senón que no mes de setembro, no debate da moción que antes se citou, o concelleiro do BNG daquela comunica que logo dunha xuntanza do BNG coas ANPAs de Teo todas se queixaban de comedores, transporte e actividades extraescolares. Naquel momento a concelleira tampouco considerou comunicar ese problema, que xa coñecía. O sr. Barreiro pensa que se perdeu un tempo precioso e agora faise misericordia e hai que dar unha solución e é urxente. A Xunta ofrece un convenio en decembro, o que tampouco se comunica á Corporación e tampouco se dan respostas á ANPA, sendo contraditorias.

O sr. Barreiro di que lle gustaría que a concelleira explicara cal é o contido do convenio que ofrece a Xunta, cal é o motivo do rexeitamento e se se propuxeron máis solucións ademais do convenio. Quere deixar claro o sr. Barreiro que é evidente que segundo a posición do BNG a responsabilidade lle corresponde á Xunta e por tanto é quen debe de asumir o comedor o antes posible, pero aínda así apela a que o goberno municipal faga o posible para aliviar a carga que supón este problema para as familias e se é necesario asuma temporalmente o comedor, polo menos ata o final deste curso, e dea unha solución, e de paso impida que a Xunta poida contar coa escusa da inactividade no vindeiro ano.

Intervén o portavoz o PP, sr. Sánchez, que sinala que todos estarán de acordo en que

este problema esixe unha solución. Sinala que a que pide a ANPA é precisamente que sexa a Xunta que se faga cargo disto, e por ese motivo o grupo municipal do PP, aínda que lle moleste a alguén, vai a apoiar a proposta.

O sr. alcalde sinala que tamén van a apoiar a proposta, engadindo que simplemente quere clarificar que igual que se falta un profesor no cole eles non se poñerían a dar clase, porque non é a súa competencia, este é un caso exactamente igual. O que é certo é que obviamente o Decreto 132/2013 quen o asina é Alberto Núñez Feijóo así que, de non estar de acordo cos seus propios decretos, o lóxico sería que se derogasen eses decretos e se debatese no Parlamento, porén mentres iso non se faga, ao goberno municipal non lle queda outra opción que manter a posición de que quen ten a competencia ten que asumir o servizo. En todo caso o que amosan, e pensa que a concelleira de educación o fixo en varias ocasións, é que hai disposición a colaborar de forma transitoria, é dicir, para solucionar un problema durante un tempo, pero iso implica necesariamente que ten que haber un compromiso da Administración competente de que se vai a facer cargo.

A sra. Argibay agradece o apoio de todos os grupos, independentemente das críticas, e sinala que quería aclarar dúas cousas. Considera que está bastante claro que a competencia é da Consellería. Sinala que unha cousa ten que quedar clara é que a ANPA dos Tilos solicitou en tempo e forma que se asumira este comedor, e as demoras foron sempre provocadas pola Consellería, o que non se explica.

Con respecto a unha pregunta que se fixo en relación co convenio, sinala que grande parte desta trama foi a través de conversas telefónicas, ata que se dou conta de que estaban demorando o tema e non contestaban por escrito, polo que se decidiu iniciar os escritos. O convenio, cando o propuxeron, confirmouse dende a concellería que se asumiría transitoriamente sempre e cando a Consellaría asumira por escrito que a continuación o ían asumir eles. Por esa parte non houbo nunca contestación da Xunta, de aí que se seguira presionando. Por tanto, a partir de aquí o único paso que queda é solicitar da Consellaría unha reunión e rapidez e urxencia na solución deste tema

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen di que non pretendía entrar no debate, que xa teñen deixado claro o seu posicionamento, que o deron a coñecer en primeira persoa á ANPA, e tamén o deron a coñecer publicamente a través de diferentes vías. A colación do Decreto 132/2013 considera que si é importante aclarar algunha cuestión. En primeiro lugar di que na mesma forma que na moción se fai esa referencia á solicitude dos servizos xurídicos para saber a argumentación da mesma, el púxose en contacto tamén coa Secretaría deste Concello e ten que recoñecer que a pesar de que o seu enfoque inicial era discrepante, a secretaria como sempre é habitual tivo toda a amabilidade do mundo e toda a calma e deulle a coñecer a argumentación xurídica. Insiste o sr. Sánchez en que non se debe de esquecer unha cuestión, porque unha cousa é que sexa competencia e outra cousa moi diferente é que teña a obriga directa de asumir a xestión do comedor. É máis, ao ler o Decreto 132/2013 di exactamente o contrario, no preámbulo de dito Decreto o que se di é que a Administración autonómica buscará vías de colaboración con todas as institucións para lograr un acordo para xestionar os correspondentes comedores. É máis, nos artigos que se citan na moción, particularmente no artigo primeiro e concretamente no artigo segundo dise, como moi ben dixo o representante do BNG, que a Consellaría en materia educativa proverá do servizo do comedor baixo a modalidade que se estime oportuno, e iso foi o que fixo a Xunta, propoñer unha modalidade, que foi dicir que eles poñen os cartos e o Concello faise cargo da xestión. A Xunta atopouse con que ao Concello non lle da a gana. Se fose certo aquilo de que a Consellería ten que asumir directamente e obrigatoriamente a xestión do comedor, habería que preguntarse como é posible que haxa centos de concellos en toda Galicia que asumen a xestión dos comedores, concellos gobernados tanto polo PSOE como polo BNG. Opina o sr. Sánchez que non hai a máis mínima intención de solucionar este problema, e que a vía é a confrontación coa Xunta.

Tratándose da tardanza na resposta, sinala o sr. Sánchez que non ten nada que dicir, é máis, esíxelle á Xunta exactamente o mesmo que lle esixe ao Concello, e se a resposta foi demorada en exceso pois a cadaquén o seu, xa que dende logo non é aceptable unha demora neste asunto, particularmente coa sensibilidade que ten da forma que afecta ás familias. O sr. Sánchez pídelles á concelleira que non o diga moi alto, porque lembra que na lexislatura pasada tivo que recorrer en nome de todo o grupo á Valedora do pobo para que o Concello lle dera contestación a algunhas cuestións, e

particularmente leva esperando dende principios do mes de outubro a que a portavoz do PSOE lle dea contestación a algún escrito que teñen pendente, polo que non poden falar moi alto nese sentido. Sinala o sr. Sánchez que da Xunta di exactamente o mesmo que di do goberno municipal, que é inadmisíbel unha tardanza na resposta e insiste no mesmo, por suposto sen escusa e sen desculpa a ningunha das partes.

Salienta o sr. Sánchez que queda claro que a Xunta fixo o establecido en atención ao que ditamina o Decreto 132/2013, que foi facer unha proposta, na súa humilde opinión que pensa que é equilibrada, a administración autonómica pon os cartos e a administración local conta coa xestión. Di que non hai que esquecer que os principais afectados de que un servizo de conciliación funcione ben son os teenses e o goberno municipal, pero a alternativa da concelleira sempre é a mesma, e non é algo novidoso. Sinala que se fose a primeira vez que ocorre daríanlle o beneficio da dúbida, pero que o problema é que non é dubidoso, sempre fai o mesmo, sempre que hai un problema busca o enfrontamento coa Xunta antes que unha solución, polo que empeza a pensar que lle interesa máis a liorta que a solución .

O sr. sánchez sinala que concorda co BNG nunha cuestión, e é que a concelleira tivo unha oportunidade magnífica de demostrar que o que di nos seus grandilocuentes discursos educativos o ía poñer en marcha, e o que demostrou unha vez máis é a máis pura decepción, como xa lle ten dito noutras moitas ocasións, que non lle importa o máis mínimo esta cuestión, e que cos seus actos eméndase a si mesma de todo o que ten dito en múltiples ocasións.

Considera que é exactamente o mesmo que fixo coas anteriores que ten traído, que é unha moción para quedar ben, para atrasar o problema no tempo e seguir eludindo a súa responsabilidade.

Explica o sr. Sánchez que a Xunta xestiona dous comedores, o de Calo e o da Ramallosa, e que menos que por amor propio político se diga que *“xa que a Xunta xestiona 2 centros no noso Concello polo menos colaborar na labor de conciliación e xestionar un”*. Considera o sr. Sánchez que se á concelleira de educación lle preocupase este problema, sería así. Opina o sr. Sánchez que a Xunta propón unha solución e atopouse co muro da sra. Argibay. Pensa que esta cuestión transcende

cores políticas, ata tal punto que e non lle doen prendas en dar de cal e de area a todas partes, incluso ás súas cores políticas, pero ten o pleno convencemento de que se este asunto estivera en mans das concelleiras ou concelleiros de Son de Teo non chegaría a hoxe, porque por afinidade das temáticas que no seu día traballaron e están a traballar ámbalas dúas concelleiras, mesmo o concelleiro de asuntos sociais, non se tería permitido que este asunto chegase a hoxe. Di que nese caso probablemente falarían coa Xunta e faríase o típico percorrido que se soe facer nestes casos, porén non tería chegado aquí.

O sr. Sánchez di que queren que o problema se solucione, o que piden dende a ANPA é que sexa a Xunta quen o asuma e en calquera caso, como entenden que o acordo que recolle a propia moción é exactamente o que pide a ANPA, apoiarán a moción.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que o que non se pode facer son trampas. Dille que sabe que el é unha persoa versada especialmente neste tema e non pode achacalas á ignorancia, e menos falando do Real Decreto. A disposición adicional terceira do RD refírese á *“asunción de forma progresiva pola Consellería con competencias en materia de educación, da xestión de comedores xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos, ANPAS”* e di que *“neste sentido os comedores escolares que se vaian asumindo xestionaranse pola modalidade prevista no artigo 2.1.b) e 2.1.c) do presente Decreto”*. É dicir, esas son as propostas das que teoricamente fala o señor Feijóo e que o Concello non aceptou, pois o Concello vainas aceptar todas decididamente porque a b) é *“xestión indirecta da Consellería competente en materia de educación mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias do centro ou nas da empresa, dos menús, o seu transporte, se é o caso, así como o servizo nas mesas, atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor e da cociña”* e a c) refírese á *“xestión indirecta a través da Consellería con competencias en materia de educación a través da concesión de servizo”*.

O sr. alcalde aclara que aínda hoxe se estivo a falar telefonicamente coa Secretaria Xeral da Consellería para intentar darlle unha solución definitiva a este tema.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Apoiar a solicitude da Anpa do Ceip Os Tilos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para que xestione dende este curso o comedor de dito centro, en cumprimento das súas competencias recollidas na normativa vixente.

Segundo: remitir o presente acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como ao Presidente da Xunta que foio o que asinou o Decreto de 2013.

12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

Co permiso da presidencia, sendo as vinte horas e vinte e sete minutos abandona o Salón de Plenos a concelleira de Son de Teo, D.^a María López Álvarez.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 16 de febreiro (rex. entrada nº 612, de 16/02/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste o

presente. Tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel, aínda máis, o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiros, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc., foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza a destrución de 15.100 empregos (datos EPA de xaneiro 2021) e afectou máis ás mulleres. Así mesmo, a fenda salarial, malia ser ilegal, continúa a superar o 20% e ten tamén correlación na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Recoñecer as convocatorias do feminismo galego auto organizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.
3. Demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
4. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que todo aquilo que se poida seguir mellorando está ben, engadindo que, xustamente no grupo municipal do PP, o seu portavoz é alguén que apostou pola representación feminina do grupo e sempre tivo confianza na parte feminina que quixo levar na súa lista.

A sra. Vázquez espera e confía que a Xunta de Galicia tamén siga traballando na mellora que poida favorecer a todas as mulleres, como leva facendo ao longo da historia durante o seu goberno, e así foi un dos gobernos que levou a cabo o primeiro plan de acción de violencia de xénero, creou as primeiras aplicacións dende o móbil tanto para a violencia de xénero como para as mulleres embarazadas, a constitución da rede de entidades locais contra a violencia de xénero, a primeira lei de igualdade, a constitución da comisión asesora para unha publicidade non sexista. Salia a sra. Vázquez que a Xunta sempre buscou melloras, e as últimas xa no 2018 e no 2019, sendo unhas das primeiras Comunidades Autónomas que poñía en marcha o servizo de garda psicolóxica e o de asistencia integral de orfos das vítimas de xénero, e tamén o das vivendas tuteladas, sendo Galicia a primeira en toda España que tivo estas vivendas.

Considera a sra. Vázquez que dende o seu grupo entenden que hai que seguir reivindicando as melloras mentres sigan existindo unhas necesidades e unhas desigualdades de xénero na sociedade, non so a nivel político senón tamén por parte da educación, que debe ser algo fundamental, o educar no respecto, na igualdade e nos valores que temos todos xa non por ser homes e mulleres senón por ser persoas.

A portavoz de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Recoñecer as convocatorias do feminismo galego auto organizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuindo a superar esta situación.

2.- Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.

3.- Demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

4.- Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

13.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDE TEO POLA LIBERDADE DE EXPRESIÓN, POLA LIBERDADE IDEOLÓXICA E ARTÍSTICA, E POLA AMNISTÍA DAS PERSOAS CONDENADAS POR ESES DELITOS.

O sr. alcalde da conta da moción de Son de Teo do 19 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 669), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

“MOCIÓN POLA LIBERDADE DE EXPRESIÓN, POLA LIBERDADE IDEOLÓXICA E ARTÍSTICA, E POLA AMNISTÍA DAS PERSOAS CONDENADAS POR ESES DELITOS

Pleno ordinario do mes de febreiro de 2021

A persecución a rapeiros, chiadores, xornalistas, así como a outros representantes da cultura e da arte por intentar exercer o seu dereito á liberdade de expresión, converteuse nunha constante. Así, o estado Español pasou a encabezar a lista de países que máis artistas represaliou polo contido das súas cancións. (.../...). Somos conscientes que se deixamos que Pablo sexa encadeado, mañá poden ir por calquera de nós , así ata conseguir acalar calquera salouco disidente.

Así se expresaba máis de 200 artistas que, a principios de febreiro, asinaron o manifesto en apoio a Pablo Hasél. E teñen razón. A calidade dunha democracia vese nos artigos do seu Código Penal, na súa independencia xudicial e na súa lexislación, constitución incluída, e na súa capacidade para resolver por medios políticos os conflitos políticos.

Que o noso país sexa unha democracia na que, teoricamente, funciona a separación de poderes, ou que os políticos, rapeiros ou chiadores sexan xulgados e condenados por tribunais, aplicando leis elaboradas no Parlamento, é un falaz argumento que podería utilizar a ditadura franquista ou utiliza calquera pseudocracia para xustificar a persecución dos disidentes.

Os delitos contra os sentimentos relixiosos, os de inxurias á Coroa e ás institucións do Estado, e de enaltecemento do terrorismo, supuxeron entre 1981 ata 2020, pero sobre todo a partir de 2009, 128 condenas de prisión e decenas de miles de euros en multas (a primeira delas a Suso Vaamonde). Entre 2012 e 2015 un total de 23 persoas foron condenadas por enaltecemento do terrorismo a penas entre 6 meses e dous anos de cadea e, entre 206 e 2018, celebráronse 70 novos xuízos por delitos de expresión.

Así, Amnistía Internacional publicaba que “o ingreso en prisión de #PabloHasel está estritamente vinculado ao exercicio do seu dereito á liberdade de expresión, e por esa razón, o seu encadeamento é inxusto. A liberdade de expresión é un dereito humano”. A mesma OSCE (Organización para a Seguridade e a cooperación en Europa) pronunciábase sobre o caso e consideraba que “de acordo cos estándares e compromisos internacionais, o discurso, non importa canto provocativo sexa, non debe ser freado nin reprimido, e baixo ningunha circunstancia debe conducir ao encadeamento”

Por esa razón temos que amosar o noso apoio a todas as persoas condenadas por delitos de expresión, esixir a súa liberdade e pedir a eliminación dos delitos que so mutilan o dereito á liberdade de expresión, á liberdade ideolóxica e artística.

Consecuentemente, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Reclamar do goberno do Estado e do Parlamento español que elimine do código penal os delitos que mutilan a liberdade de expresión, a liberdade ideolóxica e a liberdade artística**
- 2. Solicitar a amnistía para todas as persoas condenadas polos chamados “delitos de expresión” e mostrar o noso apoio a todas as persoas que sofren prisión ou multa por eses delitos, compartamos ou non as súas ideas**
- 3. Pendurar durante 15 días unha pancarta dende o balcón do concello co texto “Pola liberdade de expresión e pola liberdade ideolóxica e artística. Amnistía para as persoas condenadas por delitos de expresión”**
- 4. Trasladar este acordo á Presidencia do Congreso dos Deputados e á Presidencia do Goberno español”**

O sr. alcalde explica que en 2007 chegan os primeiros casos de inxurias á coroa contra cantantes, foi contra o canario Rivas Leiva, condenado a pagar 1.440 euros de multa, por chamar parasito ao Rei, durante un concerto, e dicir que debería estar enterrado. Continuouse co caso de José Manuel Barroso Toledo, alcalde naquel momento de Puerto Real, condenada a pagar 6.480 euros de multa, en xuño de 2009, por chamar deleznable e corrupto a Juan Carlos I e ao seu pai, nun acto de aniversario da segunda república. Os membros do grupo ardor de estómago foron condenados en 2012 a pagar 1.440 euros de multa e as costas do xuízo por una canción publicada no ano 2010 que contiña frases referentes a Juan Carlos como “*a quien le cubren las espaldas con los secretos de Estado y quien tiene lambeculos pegados como lapas siguiéndolo por todos los lados*”.

O sr. alcalde explica que a proposta é independentemente de calquera elemento de simpatía con cantante, artista, ou quen sexa, que te pode gustar moito ou repatearte totalmente e parecerse un maleducado, porén iso non cuestiona a defensa que fan desa proposta, do mesmo xeito que ten que ser independente dos actos que desencadenen a defensa desas propostas. Sinala que eles apoian mobilizacións que poidan darse en contra desas condenas, do mesmo xeito que condenan os actos de violencia que poidan levar asociados e que poidan ser utilizados por persoas para deslexitimar estas actuacións ou porque así o consideren.

Considera o sr. alcalde que se trata dunha proposta necesaria a raíz de todo o que está acontecendo, neste caso concreto coa casa real, non pode seguir aí ese delito privando á xente de dicir o que pensa.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que o réxime do 78 nunca foi especialmente tolerante coas críticas en xeral, porén a deriva reaccionaria na que está inmerso o Estado dende hai anos ten que ser revertida de xeito inmediato. O actual presidente sr. Sánchez, sendo aínda candidato, dixo estar disposto a derrogar algunhas das leis mordazas e logo de máis dun ano de goberno, aínda non tivo tempo. Sinala que a maior evidencia da baixa calidade democrática do Estado e a existencia no seu código penal de delitos de opinión, unha lexislación represiva que coarta un dereito fundamental como a liberdade de expresión e que castiga o seu exercicio cando se critican institucións ou símbolos do Estado. Sinala que á lista que expuxo o sr. alcalde hai que engadirlle a Francisco Carballo, que no ano 1981 foi condenado por escribir nun libro que a policía española asasinou a Moncho Reboiras, e logo no ano 2009 este foi recoñecido como vítima oficial do franquismo. En 1986 o dirixente do BNG Francisco Rodríguez foi acusado de ultraxe á bandeira, en 2012 o cantautor Javier Krahe foi xulgado por unha curtametraxe de 1977 por ofender os sentimentos relixiosos, en 2015 Cesar Strawberry foi condenado por enaltecer o terrorismo por uns tweets, sendo absolto en febreiro de 2020, e en Agosto de 2020 a fiscalía do Supremo investiga á portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, por dicir o que hoxe xa é *vox populi*, que os borbóns son uns ladróns e corruptos e que o Estado non persegue coas mesmas armas represivas a quen opina e a quen deixa de tributar.

Sinala o sr. Barreiro que son so algúns exemplos de persoas perseguidas por opinar sobre o Rei, a relixión ou mesmo sobre España, opinar, so iso, expresar unha idea. É evidente que o uso destas leis mordazas polo aparato ideolóxico do Estado para perseguir a discrepancia política faise realidade hoxe mesmo que vimos de coñecer que pedir fusilar a 26 millóns de persoas, non é delito, segundo a fiscalía, quizais porque non o fixeron rapeando.

Sinala o sr. Barreiro que seguro que moitas/as das/os presentes están lonxe estilística, musical, cultural e politicamente lonxe de artistas como Pablo Hasél, máis por moito que se poida diferir das ideas e do campo ideolóxico, non se pode meter na cadea indiscriminadamente a calquera que discrepe publicamente do sistema, e non se pode pretender ser un goberno progresista e manter estas leis en vigor.

Remata o sr. Barreiro a súa intervención sinalando que o BNG vai a apoiar esta moción, aínda que pensan que sería moito máis acaído que a faixa que se pendure no Concello sexa para reclamar un comedor no colexio dos Tilos.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, engadindo que apoian completamente o da faixa no balcón polo tema de comedor dos Tilos, xa que ao ter un mecanismo de presión bastante notable, debe aproveitarse para un tema no que hai unanimidade no Concello, tratándose dun tema de urxencia e preocupación para todos.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que lamentan profundamente esta moción, engadindo que ela persoalmente tiña a esperanza de que o sr. alcalde a retirase. Consideran que dende as institucións públicas non se debe amparar, alentar e xustificar determinados actos, comportamentos e mensaxes. Consideran que a obriga do sr. alcalde é promover o cumprimento da lei e o acatamento da mesma, senón dificilmente estará lexitimado para pedir ao veciños que a cumbran, porque a lei é para todos.

Salienta a sra. Calvo que liberdade de expresión, por suposto que si, pero con arranxo ao ordenamento xurídico. Sinala que lendo a moción, parece que se está a santificar a Pablo Hasél, e non é ningún anxelito nin ningún preso político, simplemente é un delincuente común, tal e como di a xustiza, que neste país é independente. Sinala que este pseudorapero non entrou en prisión polo párrafos obscenos ou mensaxe misóxinos, nin sequera por cantar mal, que o fai fatal, senón por ten un historial tales como agresión a un cámara de TV 3, seis meses, enaltecedemento do terrorismo, dous anos e medio, etc. Este señor é un delincuente reincidente, que entrou en prisión por acumulación de delitos.

Di a sra. Calvo que non quere deixar pasar a oportunidade de recoller algúns mensaxes de paz e concordia que manda este señor, tales como *“merece que explote el coche de Pachi López”, “no me da pena tú tiro en la nunca pepero, no me da pena tú tiro en la nuca socialista”, “que alguien clave un piolet en la cabeza de José Bono”*.

Pregunta a sra. Calvo se de verdade creen que estes son mensaxes adecuado para mandar á sociedade e un bo exemplo para a xuventude, engadindo que se resiste a crer iso. Sinala que outra cuestión interesante son os cualificativos reiterados, faltas de respecto e machismo que demostra este señor por todas as mulleres. A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que non acaba de entender a súa postura. Acábase de falar do 8 de marzo, ata incluso en Madrid se creou un Ministerio de Igualdade, e agora xustifican e apoian este modelo para a sociedade, engadindo que escoitará con atención o que queiran dicirlle.

Sinala a sra. Calvo que vai a seguir citando *verbatim* ao mártir Hasél, máis que nada porque como falan de poñer unha pancarta non balcón, igual queren recoller algunha destas perlas: *“es una fulana demasiado cara, voy a tener que violarla”, “follo con una loca que jura que me ama”, “tiene buenas tetas y buen culo, pero quiero desaparecer”, “joder niña no sabes lo que daría por tenerte encima y apartar a esta ninfómana perdida”*.

A sra. Calvo di que a ela lle da vergoña ler isto. Dirixíndose ao sr. alcalde pregúntalle se de verdade vai a defender isto e pregúntalle se non sente vergoña e se esta é a súa idea e do seu partido da defensa e da loita da muller. Pregunta se este é a linguaxe non sexista, engadindo que é poesía en estado puro.

A sra. Calvo di que como nai, como muller e como cidadá sente repulsa absoluta por esta violencia gratuíta, machismo e sen razón, engadindo que non quere pensar que ocorrería se estas frases as dixera alguén do PP, porque estaría crucificado na prazo do pobo, e ademais con razón.

Pregunta a sra. Calvo que ten o sr. alcalde que dicir sobre os disturbios, destrozos de mobiliario urbanos, os destrozos millonarios e perdas dos comerciantes, e pregunta que se lle conta a eles da súa liberdade, pregunta se para eles non hai dereitos, e qué dicimos das forzas e corpos de seguridade do Estado. Reitera a sra. Calvo que este señor é o que se coñece normalmente como un delincuente común, como di a xustiza.

A sra. Calvo pregúntalle ao sr. alcalde se condena todo o que acaba de dicir, quere saber se condenan o comportamento violento, as frases machistas e a actitude deste señor, e se, como representante público que é, se está do lado da lei, que é do lado que pensa que debe de estar.

Sinala a sra. Calvo que todos saben que isto non vai de liberdade de expresión, de feito o sr. Pablo Iglesias pretende amordazar aos medios e reclama publicamente un control férreo sobre os medios de comunicación privados. Pregunta a sra. Calvo de que se está falando realmente aquí, de liberdade para uns si e para outros non.

Sinala que o liberalismo, onde se encadra o seu grupo, consideran un dereito inalienable a liberdade de expresión, sendo outro tipo de movementos antilustrados os que, ante unha falsa promesa de liberdade, a queren coartar. Sinala que eles sempre estarán dentro da liberdade de expresión, pero dentro dun marco xurídico, que para iso esta, para que as liberdades de uns non aplasten as de outros. Sinala a sra. Calvo que

posiblemente teña que facerse un axuste na lei, polo que os que están no goberno deberán legislar e facer presión.

Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando que o seu grupo non vai a apoiar a moción, salientando que neste caso se trata dun non rotundo.

O sr. alcalde, dirixíndose á sra. Calvo, dille que non entendeu nada. Salienta que non se trata de que se estea de acordo, de que guste ou non, como xa o dixo, independentemente de quen sexa e do que diga. O sr. alcalde di que pode condenar moitas cousas das que se dixeron. Sinala que vai a botar man dun pequeno artigo de Antón Losada, ao que lle da lectura nos termos seguintes:

“A lo mejor no se acuerdan, porque nada más conveniente que hablar de la violencia de unos pocos para evitar tratar de las cosas que realmente nos afectan a la mayoría, pero todo esto empezó porque en España tenemos un problema con la libertad de expresión. A quienes tiran piedras y queman contenedores les importa una mierda la libertad de expresión, igual que a quienes la usan como coartada o como excusa; a mí sí me importa.

Me importa lo justo Pablo Hasél, ni siquiera me cae bien. Siempre he tenido alguien como él cerca. Todos somos contingentes, solo ellos son necesarios. Siempre eran más radicales que tú, más rebeldes que tú, más antisistema que tú, más comprometidos que tú y si no les bailabas el agua, siempre tenían una mirada a lo Rambo para petrificarte; aunque sin la gracia de Sly Stallone. Me importan y me conciernen sus derechos, porque son los míos y porque la libertad de expresión debe defenderse sobre todo cuando no te gusta lo que dicen. Ni su afirmación ni el uso de la libertad de expresión puede depender de quién la ejerza. Representa un derecho nuclear en una democracia plena y, en España, lleva una década retrocediendo en lo penal y en lo administrativo; también —de nuevo tan conveniente— en nombre del rechazo a la violencia“.

Sinala o sr. alcalde que claro que condena a violencia, igual que condena que estivera pendurado no Salón de Plenos do Concello, por imperativo legal, un delincuente,

durante moitos anos, porque agora queda claro que foi un delincuente, queda claro que roubou a todos, polo menos non declarando a facenda, e agora temos outro colgado, tamén por imperativo legal, e a única razón pola que está aí colgado e porque é fillo do delincuente, porque se non fora fillo do delincuente, aínda que fora o máis listo ou o máis inxenioso de todos, non estaría aí. Salienta que iso é o que defende, o dereito de dicir iso e de dicilo e non ser perseguido por elo.

O problema non é que haxa que aceptar a legalidade, porque claro que hai que aceptar a legalidade, porén o que hai que facer é modificala e por iso piden que se modifique. Porén se non se está a favor de que se poida dicir o que se queira, da liberdade de expresión, porque iso é o que se pide na moción. Na moción de Pablo Hasél se fala o xusto, se cita, aínda que é certo que dou pe a isto e é certo que non lles gusta o que di, porén tampouco lles gusta a violencia que provocan as determinadas defensas, porén tamén defender o dereito da xente a defender na rúa a modificación da lei, non coas violencia, pero si a defendela.

Considera o sr. alcalde que hai un problema moi serio coa liberdade de expresión, engadindo que polas pancartas que non se preocupen que hai balcóns para todas as pancartas que se queiran poñer.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que non se trata de que guste o que di, porque non lles gusta, porque é un señor cun evidente mal gusto para a prosa, e para a lírica tamén, e probablemente para a musica, e para a vestimenta e para case todo. Sinala o sr. Barreiro que o PP fala de cumprir a lei e temos un Rei que está fuxido de calquera responsabilidade, nun emirato árabe, onde se tortura á xente, onde se vexa ás mulleres, onde o príncipe manda descuartizar a xornalistas, un monarca que ademais regala 60 millóns de euros a unha señora e ninguén sabe moi ben porque, nin de onde saíu nin quen é, ou si, un monarca que paga multas de catro millóns de euros que ninguén sabe de onde saíron, que acepta doazóns, etc, etc, que se saltan os dereitos de todos e se vacinan antes que ninguén.

Sinala o sr. Barreiro que a lei é igual para todos, pero tamén para pagar os impostos, e que a lei é igual para todos e a lei prohibe financiar ilegalmente partidos políticos, porén diso non van a falar hoxe porque se fai tarde.

Sinala o sr. Barreiro que é certo que o sr. Hasél poder ser un delinciente e un enaltecedor do terrorismo, pois haberá que metelo á cadea por ser un delinciente ou por pegarlle a xente, pero non polo que di, porque o que di simplemente é un tontería.

Salienta o sr. Barreiro que unha cousa é pensar e outro é actuar, e o delito debe ser actuar e non pensar. Sinala que o PP fala da violencia e sinala que é curioso que o PP ten unha especie de fixación con que todo o mundo condene a violencia e non sabe se é que pensan que ninguén condena a violencia máis que eles. A xente normal e equilibrada condena a violencia sen ter andar dicindo por aí todos os días que condena a violencia, claro que non está ben queimar contedores, porén tampouco está ben quitarlle ollos á xente con balas de plástico desas que tira a policía, tampouco está ben partirlle a cara a un pai que defende a unha filla do acoso de dous policías, tampouco está ben rescatar á banca, e con iso socializar as débedas e privatizar os beneficios, tampouco están ben as leis mordaza, tampouco está ben e tamén son violencia, as reformas laborais que o que fan e desestructurar e ir un emprego de menos calidade, empobrecer a poboación e afondar nas fendas sociais.

Sinala que tamén é violencia certo tipo de ideoloxía que está mellor vista porque exercen outro tipo de violencia máis larvada e, probablemente, menos descarada. Salienta o sr. Barreiro que por suposto que condenan a violencia, engadindo que dende o PP condenan so algunhas violencias porque aínda está pendente que condenen corenta anos de ditadura, de violencia, e determinados réximes que son igualmente violentos

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que iso é rotundamente falso.

O sr. Barreiro di que si, que é falso, como tamén o é a venda de armas a Arabia Saudí.

Preguntada polo sr. alcalde, a sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e di que poder ser que Pablo Hasél ao sr. alcalde lle da igual e todo iso que acaba de dicir, estando o seu grupo de acordo en que posiblemente haxa que modificar as leis e por iso lle di que fagan valer seu voto, que para algo están no goberno central.

O sr. alcalde di que eles non teñen nada que ver no goberno central.

A sra. Calvo pregúntalle ao sr. alcalde para que citou a Hasél na moción, engadindo que ten que entender a súa postura, engadindo que non cree que dixera nada descabellado.

Reitera a sra. Calvo que están de acordo coa liberdade de expresión, que se pode falar da coroa o do que lles de a gana, insistindo en que este señor entrou en prisión por acumulación de condenas.

A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que se quere estar lexitimado para pedirle aos veciños que cumpran coa lei , ten que ser exemplarizante, porque é unha figura pública, e é o alcalde de Teo.

O sr. alcalde di que el é exemplarizante.

Considera a sr. Calvo que debería selo máis, polo menos con respecto a este tema.

Sinala a sra. Calvo, dirixíndose ao sr. Barreiro, que, con respecto á ditadura franquista, está mais que condenada e so fai falla que mire a hemeroteca e de paso consulta o outro da AP 9.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinco votos a favor (3 Son de Teo e 2 BNG), seis votos en contra (6 PP) e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción de Son de Teo do 19 de

febreiro de 2021 (rex. entrada nº 669), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

14.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. alcalde explica que hai un rogo por escrito do BNG (rex. entradanº 542, do 10 /02/2021), que se lle vai contestar mañá por escrito.

O sr. alcalde da lectura ao citado rogo, sinalando que o BNG solicita “*información do custe económico de mantemento da Plataforma de Participación cidadá e da páxina web “Somos Teo”, incluídos dominios e custe de aloxamento da páxina, do número de usuarios que participaron nos distintos procesos de consulta realizados e da actividade levada a cabo dende a citada Plataforma nos últimos dous anos*”.

A sra. Argibay explica que, sen prexuízo da resposta escrita dos datos sobre todo económicos e de participación, xa adianta que se está traballando nunha mellora e reforma da páxina e seguramente ademais da participación cidadá estase buscando unha modalidade máis áxil, máis clara e máis rápida para beneficio de toda a veciñanza.

2.- O portavoz do BNG, sr. Barreiro, pide que se rebachee ou que se lle dea un toque á estrada que vai de Cacheiras a Vilar de Calo, por Augas Mansas, Guldrís, etc, sobre todo dende o Sisto ata Guldrís, porque está en moi mal estado, engadindo que nalgún

momento haberá que pensar en botarlle firme novo.

3.- Pregunta o sr. Barreiro cando se estima comezar co afirmado viario aprobado no Pleno fai un ano, indicando que descoñece como está o tema.

A sra. Lemus sinala que hai moito POS pendente de licitar, como o de Vilar, o da Pedra, engadindo que polas súas previsións, dado que xa case se rematou coas licitacións europeas, pronto se comezara a licitar. Explica que é certo que houbo un parón de tres meses do POS por culpa dos fondos europeos, xa que por cuestións de tempo e de prazo preferiuse sacar as licitacións correspondentes a ditos fondos, xa que se trata dunha tramitación administrativa moi longa. Reitera a sra. Lemus que se acaba este mes con estes fondos e que en marzo haberá que comezar xa co POS.

4.- O sra. Barreiro sinala que os veciños e veciñas lles falan dos cortes transversais que se fan nas estradas. Entende o sr. Barreiro que son as acometidas da auga, e que cando se enchen outra vez, non sabe se por cuestión do material que se bota ou polo que sexa, se deteriora moi rapidamente e fanse fochancas neses cortes transversais. Pide o sr. Barreiro que se mellore a execución desas obras.

O sr. alcalde explica que o Concello leva un tempo intentando que se bote capa de formigón previamente a facelo, engadindo que a ver se a partir de agora se fai.

5.- O sr. Barreiro sinala que hai un ano o sr. Fernández trouxo ó Pleno un tema da zona da travesía de Cacheiras, dunha fata de iluminación en zonas comúns, sobre todo nas fases 3 e 4, e estaba pendente de que se asinara a cesión da Rúa dos Alféreces. Pregunta o sr. Barreiro se se levou a cabo.

A sra. Lemus sinala que a cesión xa se fixo.

O sr. Barreiro di que os veciños da zoa se queixan de que hai pouca iluminación nas zoas comúns.

6.- Lembra o sr. Barreiro que o sr. Fernández hai un tempo pediu un aparcamento de motos en Campos de Mirabel, e quedouse en estudar o tema. Pregunta o sr. Barreiro como está iso.

A sra. Lemus sinala que está pendente, e que se mirará.

7.- Explica o sr. Barreiro que na AC941 en sentido Cacheiras, xusto despois da rotonda dos Verxeis, hai un pequeno tramo, sobre 100 ou 150 metros, no que se permite adiantar, e ao mesmo tempo hai unha estrada que sae pola esquerda, que vén de Recesende, que permite saír para abaixo, e a saída non é que teña unha visibilidade imposible pero tampouco é a mellor. A veciñanza pide se se pode solicitar á Xunta que se revise ese tramo de adiantamento, pois quizais habería que prohibilo, pois xa se ten dado a casuística de que saen coches para abaixo e vén alguén adiantando, e algún día haberá un desgusto, polo que sería bo arranxar iso.

A sra. Lemus di que se mirará, sen que en todo caso se poida esquecer que o que sae ten que comprobar se veñen cosas por calquera dos dous lados.

O sr. Barreiro si que é certo que é responsabilidade do que conduce mirar para os dous lados, porén a xente ou se despista ou non conta con iso e se confía.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que o terían que ver técnicos de seguridade viaria.

8.- Sinala o sr. Barreiro que os veciños de Mouromorto piden que se cambie unha marquesiña vella que hai de Caixa Galicia, que está bastante deteriorada e a xente que espera os autobuses alí cando chove non se pode sentar.

O sr. alcalde explica que o que pasa alí é que hai que ter en conta que hai 3 marquesiñas seguidas, sen espazo practicamente para moverse o coche, que igual o que hai é que eliminar esa parada, porque a parada está onde está a marquesiña que se mete cara Casal, e a de abaixo, e tres paradas nun tramo de 300-400 metros igual é difícil, pero estudarase.

9.- Sinala o sr. Barreiro que hai queixas dos autobuses por problemas de accesibilidade, escaleiras, corredores estreitos, e non se poden subir persoas de mobilidade reducida, xa que hai moita dificultade para subilos e baixalos.

A sra. Otero explica que hai medio mes ou así houbo unha reunión na Dirección Xeral de Mobilidade e unha das cuestións foi esta, se se podía esixir que, pola concesión de contrato da empresa, que os vehículos fosen de determinadas características, sobre todo tendo en conta que o Concello vén de ter determinadas liñas cuns autobuses

cunhas características que permitían isto, e esperábase que noutras liñas mellorase isto con estes contratos e realmente foise para atrás en todas as liñas. Sinala que a resposta foi que non se lle pode reclamar ás empresas ese tipo de vehículos, que hai unha porcentaxe de tipos de vehículos e eles repártenos en función do que teñen.

O sr. alcalde di que iso ía como mellora na concesión e gañou quen non levaba esas melloras, como literalmente se lles contestou.

10.- O sr. Barreiro di que en xaneiro houbo un coloquio no Auditorio sobre unha obra de teatro que non se puido ver. Descoñece se foi algún tipo de performance ou homenaxe pero cree que nunca vira algo así, é dicir, facer un coloquio sobre unha obra que non viu ninguén. Pregunta se se ten previsto que esa obra se poida ver nalgún momento en Teo.

A sra. Argibay di que a obra se vai a ver. Explica que o que pasou foi que xa estaba prevista pola técnica de Cultura e falado ca empresa que o ía a facer e con motivo dunha celebración, decidiron adiantar o coloquio, pero era un tema que xa se anunciara e se falara previamente.

11.- O sr. Barreiro pregúntalle ao sr. alcalde como está o tema das Escolas Infantís municipais, e se hai acordo.

O sr. alcalde di que o que están é moito máis tranquilo, porque hai un mes de relax. A situación que se produciu na Mesa xeral foi bastante estrambótica porque despois dunha discusión e de falar sobre o tema a nivel orzamentario e da proposta de sacar as prazas e demais, as traballadoras, concretamente as traballadoras vinculadas a un determinado sindicato, presentaron unha proposta para que o resto dos sindicatos a apoiaran. Os sindicatos empezaron a preguntar cal era exactamente a proposta, que era o que querían, e entón resulta que o que pasa era que non querían a proposta de Alcaldía, entón o que se dixo foi que se retiraba calquera proposta, que traballaran durante quince días ou un mes na mesa xeral. Pensa que se quedou para o 23 de marzo, data na que teñen que presentar unha proposta, non ese sindicato en concreto, senón facer unha discusión previa na mesa xeral ou no comité de empresa entre todos os traballadores e presentar unha proposta concreta. E niso se está, entón gañouse un mes de relax.

12.- A concelleira do BNG, sra. Diéguez, sinala que, con relación ao dos autobuses, xa se falara no Pleno que non hai información dos horarios nas marquesiñas, e para saber os horarios hai que ir a unha páxina web na cal é moi difícil de atopar e de descifrar exactamente as horas. Sinala que a veciñanza quéixase e di que se non é competencia do Concello, como ao parecer non é, que polo menos se presione para que as empresas poñan esa información, porque moita xente está deixando de usar o servizo en parte porque non son capaces de saber a que hora pasa.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, explica que, estando ela presente, un día que non pasaba o autobús na hora que era, chamouse directamente a Monbus, puxeron a chamada en espera e acabaron colgándolles o teléfono. Explica que logo volveu a chamar, e lle colgaron o teléfono e comportáronse de moi malas maneiras e, antes de colgar, preguntáronlle de que concello era. Sinala que descoñece se a nivel persoal ela e a persoa que chamaron teñen que poñer algunha queixa ou hai algunha forma de actuar, porque hai un contrato e que, igual que lle pasa a ela, sabe que lle pasou a máis xente, non que lle colgaran o teléfono pero si que non responderan.

O sr. alcalde di que na reunión que houbo na delegación territorial pediron unha semana ou dúas para lograr harmonizar os horarios que aparecían no bus.gal cos horarios que poñían as empresas e cunhas reclamacións que se fixeran dende o Concello. Parece que o venres pasado deron o “ok”, despois da última actualización do día 24 e de pasar a semana seguinte, polo que se está empezando, e de feito hoxe se puxeron os primeiros horarios en Lampai. Explica que se vai a ir progresivamente, pero é un proceso lento porque hai que casar en cada parada todos os horarios, e dende a Xunta xa dixeron que iso se faría pero a meses vista. O sr. alcalde sinala que se están facendo plastificados e cunha indicación para que a xente, se non se cumpren os horarios ou hai algunha deficiencia no servizo, poida chamar ao Concello para facer a pertinente reclamación diante da Administración. Remata o sr. alcalde sinalando que esa é a situación e que esperan que nos próximos 15 días se vaian colocando progresivamente en todas as paradas.

A sra. Vázquez sinala que cando sexa así habería que enviar unha reclamación por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Vázquez refírese ás luces do camiño da Burga, e pregunta por que non funcionan, e se se prevé ter solución

A sra. Lemus di que ten serias dúbidas de repoñelo.

A sra. Vázquez pregunta se hai a opción de que sexa soterrado.

A sra. Lemus di que era soterrado e o levantaron de tal forma que ata cando acabaron foron moi coidadosos e incluso puxeron un pouco de cinta para que quedara ben. Cando se fixo soterrado fíxose cun sistema que era imposible de roubar, ou iso dixeron, e se roubou. Hai un mes e pico estíbese mirando como facelo pero ninguén acaba de asegurar que non vai a ser roubado, o que xa aconteceu tres ou catro veces. Salienta que lles da rabia pola falta de servizo porén non é barato, e se rouba continuamente.

2.- A sra. Vázquez referíndose á iluminación da ponte BIC, pregunta se finalmente o que se comentara se estaba mirando, se finalmente hai algunha solución e se vai a ser pronto.

A sra. Lemus explica que hai permiso xa de Patrimonio dende hai meses e encargouse a un ferreiro o enganche nas luminarias existentes porque se vai facer dende a Ponte nova cara a Ponte vella, é dicir, non se vai poñer iluminación na propia ponte BIC senón de xeito indirecto. Isto foi o que se propuxo a Patrimonio e dixo que si. Agora estase á espera do traballo do ferreiro que está tardando en xeral, porque debe de ter moitísimo traballo, tamén é certo que poucos ferreiros hai. Reitera a sra. Lemus que está encargado dende hai moito tempo pero de momento nada.

3.- Pregunta a sra. Vázquez pola farola de “aí abaixo” da que a sra. Nariño falara en Plenos atrás, no ano pasado. Pregunta se é cuestión de repoñela o Concello ou se hai algún seguro.

A sra. Lemus sinala que se vai a repoñer.

4.- Pregunta a sra. Vázquez como está o tema da estrada cara Olveira, porque se bacheou xunto o edificio pero se se chegara un pouco máis para adiante o camiión remataba, pero deixou baches sen tapar. E agora de feito os que quedaron sen pechar agrandáronse e a pista de arriba volveu a abrir toda por numerosos sitios. Recoñece que é moi insistente neste tema pero é por darlle unha solución real a esa estrada, porque ademais a da parte de abaixo o tema é que abriu por onde se fixo a obra da zanxa, por iso cando falaron das obras transversais ela tamén o pensou, non sabe se é o tipo de material que usa a empresa en concreto, e ó mellor si que o hai que ter en conta cando se contrate e fala en xeral, ou o que sexa, porque xusto nesa estrada houbo unha obra que levou a cabo Elecnor e non ten nada que ver o bacheado, é que dan ganas de ir en sentido contrario.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz